

# XEOGRAFIA • 7

**José Antonio Aldrey Vázquez  
José Formigo Couceiro**

Departamento de Xeografía  
Universidade de Santiago de Compostela

**O CASCO HISTÓRICO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS E MORFOLÓXICAS**

## CONSELLO EDITOR:

**Xoaquín Alvarez Corbacho,**  
Economía Aplicada. UC;  
**Manuel Antelo Suárez,**  
Fundamentos da Análise Económica. USC;  
**Xesús Leopoldo Balboa López,**  
Historia Contemporánea. USC;  
**Xosé Manuel Beiras Torrado,**  
Economía Aplicada. USC;  
**Joam Carmona Badía,**  
Historia e Institucións Económicas. USC;  
**Xoaquín Fernández Leiceaga,**  
Economía Aplicada. USC;  
**Lourenzo Fernández Prieto,**  
Historia Contemporánea. USC;  
**Ignacio García Jurado,**  
Estatística e Investigación Operativa. USC;  
**Mª do Carmo García Negro,**  
Economía Aplicada. USC;  
**Xesús Giraldez Rivero,**  
Historia e Institucións Económicas. USC.  
**Wenceslao González Manteiga,**  
Estatística e Investigación Operativa. USC;  
**Manuel Jordán Rodríguez,**  
Economía Aplicada. USC;  
**Rubén C. Lois González,**  
Xeografía. USC;  
**Edelmiro López Iglesias,**  
Economía Aplicada. USC;  
**José A. López Taboada,**  
Historia e Institucións Económicas. USC.  
**Alberto Meixide Vecino,**  
Fundamentos da Análise Económica. USC;  
**Emilio Pérez Touriño,**  
Economía Aplicada. USC;  
**Albino Prada Blanco,**  
Economía Aplicada. UV;  
**Carlos Ricoy Riego,**  
Fundamentos da Análise Económica. USC;  
**José Mª da Rocha Alvarez,**  
Fundamentos da Análise Económica. UV;  
**Xavier Rojo Sánchez,**  
Economía Aplicada. USC;  
**José Santos Solla,**  
Xeografía. USC;  
**Juan Surís Regueiro,**  
Economía Aplicada. UV;  
**Manuel Varela Lafuente,**  
Economía Aplicada. UV;

## COORDENADORES DA EDICIÓN:

- **Área de Análise Económica**  
Carlos Ricoy Riego

- **Área de Economía Aplicada**  
Manuel Jordán Rodríguez

- **Área de Historia**  
Lourenzo Fernández Prieto

- **Área de Xeografía**  
Rubén C. Lois González,

## ENTIDADES COLABORADORES

Fundación Caixa Galicia  
Consello Económico e Social de Galicia  
Fundación Feiraco  
Instituto de Estudos Económicos de  
Galicia Pedro Barrié de la Maza

**Edita:** Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela  
**ISSN:** 1138 - 2708  
**D.L.G.:** C-1687-97

## ÍNDICE.

1. Introducción. ....	5
2. A poboación do Casco Histórico de Santiago de Compostela.....	8
2.1. O movemento natural.....	9
2.1.1. A natalidade. ....	10
2.1.2. A fecundidade. ....	12
2.1.3. A mortalidade.....	16
2.1.4. O crecemento vexetativo.....	20
2.2. A estrutura da Poboación. ....	21
2.2.1. A Composición por Sexo.....	21
2.2.2. A Composición por Idade.....	22
2.2.3. A Composición por Idade e Sexo.....	26
2.2.4. A Estructura Socioprofesional da Poboación.....	29
2.3. Conclusión.....	37
3. A edificación. Tipos de vivendas segundo o estilo. ....	39
3.1. As casas medievais.....	40
3.2. As casas renacentistas.....	43
3.3. As casas barrocas.....	44
3.4. O caseo na Idade Moderna.....	47
3.5. A coexistencia entre estilos e o estado de conservación.....	50
4. A actividade económica. Emprego dos baixos comerciais.....	53
4.1. Conclusión.....	56



**Palabras chave:** Santiago de Compostela. Casco Histórico. Retroceso demográfico. Avellentamento. Terciarización. Tipoloxías arquitectónicas. Habitabilidade.

**Resumo:** O Casco Histórico de Santiago coñeceu nos últimos trinta anos unha redución do 50 % no seu número de habitantes. Este descenso estivo motivado polo importante retroceso da natalidade e da fecundidade, o notable avellentamento dos seus habitantes, a emigración, unha elevada feminización, o deterioro das vivendas e a falta nelas das comodidades propias das construcións modernas. Neste período de tempo, en cambio, mantívose a orientación socioprofesional dos seus moradores, vinculada a actividades terciarias, especialmente as relacionadas cos servizos sociais, que definen a tradicional funcionalidade compostelá: sanitaria, universitaria, administrativa, relixiosa e comercial. Paralelamente, experimentouse unha presenza crecente, nesta área da cidade, do comercio privado e das institucións públicas, respetando e reutilizando as vellas tipoloxías históricas para a súa actividade.

**Key words:** Santiago de Compostela. Old Town. Demographic decrease. Ageing. Progress in services. Architectural styles. Habitability.

**Abstract:** In the last thirty years, the old city of Santiago reduced the number of its inhabitants in 50 %. The main causes of this descent were: a very important recession in birth and fertility rates, a considerable increase of ageing, the emigration, an high feminine rate, the bad condition of housing and its little mod cons. In this time period, however, its inhabitants remained their jobs in social services, that define traditional functions of Compostela: public health, University, public administration, religion and trade. At the same time, in this part of the city, private trade and Civil Services had an increasing of their presence, settling on old historic buildings for their activity.



## 1. INTRODUCCIÓN.


Santiago de Compostela é un importante referente dentro de Galicia. A súa historia, relacionada habitualmente coas peregrinacións, a universidade e o arcebispado, tivo un gran protagonismo no transcurrir do noroeste peninsular. Dende o século IX ata a actualidade os seres humanos e as súas actividades configuraron unha paisaxe urbana singular cun valor histórico-artístico mundialmente recoñecido.

Considérase normal a existencia de contrastes entre os diferentes sectores dunha cidade, e en Compostela estes son moi acentuados, produto da evolución ó longo dos séculos. Resulta evidente que nun núcleo con máis de mil anos de historia son numerosas as circunstancias que afectaron ó seu crecemento, provocando transformacións de tipo económico, cultural, demográfico, político e espiritual. Este legado perdura en grande medida gracias a que dende mediados do século XVIII a cidade foi perdendo importancia, sobre todo tras non ser declarada capital de provincia no ano 1836, feito que a sumiu nun longo letargo. Esta circunstancia, en principio negativa para a prosperidade de Santiago, convírtese nun factor favorable para a conservación da súa estrutura urbana e do seu patrimonio arquitectónico. Ademais o crecemento descontrolado das décadas dos anos sesenta e setenta do século XX, tan negativo para a conservación do patrimonio en moitas cidades do Estado, non afectou de xeito relevante ó do recinto histórico compostelán, xa que se contaba cun amplo espacio proxectado, o “ensanche”, considerablemente valeiro.

Nos últimos vinte anos a cidade experimenta unha importante recuperación coa súa designación como capital da Comunidade Autónoma e o crecemento da súa función universitaria. A promoción oficial, sobre todo a desenvolvida co gallo dos anos xubilares de 1993 e 1999, difunde o seu nome por todo o mundo, utilizando o *escaparate* do seu legado histórico-artístico como principal reclamo para a potenciación de certas actividades terciarias en Santiago e o resto de Galicia.

Nese *escaparate* é onde nos centraremos, no espacio antigamente protexido pola muralla construída por Cresconio no século XI. Na faixa ocupada anteriormente pola propia fortificación aparecen hoxe algunhas mazás de casas e as seguintes rúas que delimitan a área de estudio: rúa da Senra, rúa de Santo Antonio, Tránsito da Mercé, rúa da Ensinanza, rúa da Virxe da Cerca, rúa de Aller Ulloa, Porta do Camiño, rúa das Rodas, rúa do Hospitaliño, rúa da Costa Vella, Costa de San Francisco, rúa de Carretas, rúa da Trindade, avenida de

Rodrigo de Padrón, avenida de Figueroa e Campo da Estrela. Debemos aclarar que este espacio non é o mesmo que foi declarado Conxunto Histórico-Artístico, o cal abarca tamén antigos arrabais extramuros.



**Figura 1.- O Espacio estudiado (dentro do conxunto Histórico-Artístico de Santiago de Compostela). Elaboración propia.**



No presente traballo pretendemos analizar algunhas das variables da actual realidade urbanística deste sector da urbe, de xeito que partiremos dun estudio demográfico que logo se relacionará coa actividade comercial. Doutra banda farase unha análise das diferentes tipoloxías constructivas e o seu estado de conservación, que á súa vez se enlazará coas variables demográfica e comercial xa primeiramente abordadas.

## 2.- A POBOACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Para o achegamento á realidade demográfica do Casco Histórico de Santiago imos traballar cos datos do Padrón Municipal de habitantes e do Rexistro Civil de dous anos, 1965 e 1995. A elección destas dúas datas está motivada polo feito de que a primeira delas é o momento anterior ós profundos cambios estruturais que sufríu a poboación española en xeral, e a galega en particular, nos últimos trinta anos, pasando dun efectivo humano relativamente xove a outro avellentado, cunha baixísima natalidade e fecundidade, distintos comportamentos na mortalidade e profundas diferencias na poboación traballadora. E a segunda data, pola súa banda, móstranos a evolución acontecida dende entón e a situación actual.

Neste traballo atenderemos á poboación de dereito, que é a que recollen as fontes demográficas empregadas, pero debemos ter en conta que na antiga área intramuros de Santiago, e en toda a cidade, a poboación de feito é bastante máis elevada como consecuencia da presenza dun grande número de estudantes universitarios que residen na urbe durante o curso académico. Polo tanto, hai que ter en conta que os datos e conclusións ós que aquí chegamos estarán só referidos á poboación que reside neste espazo compostelano ó longo de todo o ano, pero sen esquecer que os habitantes estacionais incrementan as cifras de residentes na Zona Vella compostelana nunhas 1.500-1700 persoas entre outubro e xuño (Lois González, 1994), cifra considerable, pois supón aproximadamente un 30 % da que aparece empadroada neste sector da urbe. En cambio, en 1965 esta diferenza entre as poboacións de feito e dereito apenas se deixaba notar, pois no conxunto da cidade eran 64.782 habitantes de feito e 63.708 os de dereito, é dicir, 1.074 persoas de diferenza (1,66 %).

	1965		1995	
	POBOACIÓN	%	POBOACIÓN	%
<b>SANTIAGO</b>	63.708	100	103.874	100
<b>CASCO HISTÓRICO</b>	8.856	13,9	4.342	4,2

**CADRO 1.- Evolución da poboación en Santiago e no Casco Histórico entre 1965 e 1995. Fonte: Padrón de Habitantes. Elaboración propia.**

Se atendemos á evolución da poboación total de Santiago entre as dúas datas (cadro 1), apreciamos como o incremento demográfico foi dun 63 %, mentres que o Casco Histórico perdeu un 51 % dos seus efectivos. En 1965 esta área aparecía como un dos

sectores compostelanos máis poboados, aínda que xa se estaba producindo unha merma demográfica dende mediados de século (Pérez Fariña, 1989), sen embargo na actualidade é o espacio da cidade con menor peso demográfico. As causas deste feito hai que buscalas no crecemento tanto espacial como poboacional de Compostela, que colonizou amplos espacios cada vez máis alonxados do centro tradicional, facendo perder a éste peso relativo no conxunto da urbe. Ademais, o forte avellentamento e a falta de renovación xeracional no Casco Histórico, ante o alto precio dos inmobles e o seu progresivo deterioro, fixo que as cifras absolutas tamén baixasen ata situarse nos valores actuais.

Para aproximarnos ás diferentes características demográficas do Casco Histórico de Santiago de Compostela fixarémonos en primeiro lugar no movemento natural da súa poboación, concretamente en aspectos como a natalidade, a fecundidade, a mortalidade, o crecemento vexetativo e a inmigración. A continuación abordaremos a estrutura que presentan os seus habitantes, tanto a referida ó sexo, como á idade ou a ambos aspectos ó mesmo tempo, para de seguido ocuparnos da estrutura socioprofesional da súa poboación. Finalmente, e para rematar, recapitularemos e faremos unhas conclusións nas que lembraremos as características demográficas xerais deste espacio e como vemos de cara o futuro a súa posible evolución.

## **2.1.- O Movemento Natural.**

Polo que respecta ó fenómeno do nacemento, que trataremos en primeiro lugar, imos traballar con dous conceptos que cómpre diferenciar, a natalidade e a fecundidade, xa que resulta común que se tomen como sinónimos. Se nos fixamos nos nacementos dende a perspectiva da nai atopámonos diante da noción de fecundidade, en cambio, se atendemos máis ós fillos, ós nacementos en sí, estamos ante o fenómeno da natalidade (Vinuesa, Zamora, Gènova, Serrano e Recaño, 1994). Debemos ter en conta, así mesmo, que a natalidade está moi relacionada coa estrutura por idades dunha poboación, cousa que non ocorre coa fecundidade, na que inciden só as mulleres en idade de procrear.

Por último, temos que indicar que a análise que imos levar a cabo será “do momento” ou “transversal”, é dicir, tanto a natalidade e a fecundidade como a mortalidade estudaránse nun intervalo de tempo moi específico e limitado, os dous anos de referencia do traballo, 1965 e 1995.

### 2.1.1.- Natalidade.

O primeiro feito a destacar é o número de nacementos que se produciron tanto no Casco Histórico como no concello de Santiago en 1965 e 1995 (cadro 2). En ambos casos apreciamos un acusado descenso do número total de alumeamentos, aínda que deben ser matizadas unha e outra situación. O conxunto do concello de Santiago coñeceu un decrecemento no número de nados dun 34 %, mentres que, pola contra, a súa poboación medrou nun 63 %. Pola súa banda, o Casco Histórico tivo un descenso poboacional do 51 % e unha baixada no número de nacementos do 71 %, moi forte, pero máis comprensible que o de Santiago ante a significativa merma demográfica. Este descenso explícase por un cambio significativo nas pautas que rexen a fecundidade e o avellentamento da sociedade durante os 30 anos que abarca o traballo.

	1965			1995		
	total	varóns	mulleres	total	varóns	mulleres
<b>SANTIAGO</b>	1.085	543	542	711	349	362
<b>CASCO HISTÓRICO</b>	78	47	31	22	14	8

Cadro 2.- Número de nacementos en Santiago e o Casco Histórico en 1965 e 1995.

Fonte: Rexistro Civil. Elaboración propia.

Se nos fixamos na comparación das porcentaxes de nacementos e poboación que posúe o Casco Histórico con respecto ós totais do concello compostelano (cadro 3), apreciamos como en ambas datas o peso relativo dos nacementos sitúase por debaixo do dos seus habitantes, aínda que dun xeito máis marcado en 1965, o que nos está a falar dunha área que dentro do conxunto da urbe mantén un comportamento natalista moi baixo, motivado fundamentalmente, como logo veremos, polo elevado grao de avellentamento demográfico que reflexa e pola presenza dun significativo número, sobre todo no primeiro ano estudado, de poboación relixiosa célibe, tanto masculina como feminina, que vive dentro do Casco Vello de Santiago.

En tódalas poboacións nacen máis efectivos masculinos que femininos, situándose a media en torno a 105-106 nenos por cada 100 nenas (Vinuesa, Olivera, Abellán e Moreno, 1988). Esta relación de masculinidade non se cumpre en Santiago en nengunha das dúas datas (cadro 4), feito que acontece, sen dúbida, por non rexistrarse na cidade un número suficientemente significativo de nacementos, de xeito que a casuística fai que a norma xeral,

que sí se acada en maiores continxentes demográficos, non apareza na cidade. Esta distorsión é moito máis patente aínda no Casco Histórico, ó producirse un número tan baixo de nacementos.

	1965	1995
% NACEMENTOS	7,2	3,1
% POBOACIÓN	13,9	4,2

**Cadro 3.- % de nacementos e de poboación existentes no Casco Histórico en relación co total de Santiago en 1965 e 1995.**

Fonte: Padrón de Habitantes e Rexistro Civil. Elaboración propia.

Quizais sexa máis axeitada unha aproximación ó que sucede coa natalidade no Casco Histórico e en Santiago da man da Taxa Bruta de Natalidade, que pon en relación o número de nacementos observado nunha poboación co número de efectivos desa poboación. O problema desta taxa é que aparece moi condicionada pola estrutura por idades. Se comparamos as taxas de natalidade das dúas datas aparece reiterado o que vimos ó ollar o número absoluto de nacementos, o forte descenso acontecido, pero permítenos poñelas en relación con outros espazos e ver o grave da situación pouco natalista que acontece no Casco Histórico compostelano e en toda a cidade (cadro 5).

NENOS POR CADA 100 NENAS	1965	1995
SANTIAGO	100,18	96,41
CASCO HISTÓRICO	151,61	175

**Cadro 4.- Relación de masculinidade en Santiago e o Casco Histórico en 1965 e 1995.**

Fonte: Rexistro Civil. Elaboración Propia.

En 1965 a taxa de Santiago mostrábase parella á galega, pero o Casco Histórico aparecía cun valor moi cativo motivado porque posuía unha poboación con claros síntomas de avellentamento. Ademais, as comunidades relixiosas eran numerosas e reducían considerablemente a poboación que podía procrear. Acadaban, así mesmo, certa importancia varios internados de xoves estudantes (que eran empadroados) ubicados neste sector da cidade (como o do Seminario Maior). En 1995 a baixa da natalidade apréciase non só no Casco Histórico senón tamén no resto da cidade. A causa deste declive na cidade e de que se agravase na zona vella hai que buscala fundamentalmente na avellentada estrutura por idades da poboación, aínda que en Santiago é notable tamén a influencia do fenómeno da marcha de parellas xoves na idade máis fértil para asentarse en urbanizacións ou núcleos

satélite dos concellos veciños, onde consiguen vivendas de certo estatus ou prezos máis asequibles que os que se ofertan na cidade, coa conseguinte merma do número de nacementos na mesma. Este feito non se deixa sentir tan claramente no Casco Histórico, onde sí inflúen aínda o número de relixiosos que existen, o elevado grao de feminidade (mulleres de avanzada idade, xeralmente viúvas que viven soas), e o forte avellentamento, ademais da forza dos habitantes estacionais (estudantes universitarios) con nulo comportamento natalista.

<sup>0</sup> /100	1965	1995 *
SANTIAGO	17,03	6,84
CASCO HISTÓRICO	8,81	5,06
GALICIA	17,01	8,13
ESPAÑA	21,30	9,89

**Cadro 5.- Taxa bruta de natalidade no Casco Histórico de Compostela, Santiago, Galicia e España. \*En Galicia e España datos referidos a 1991. Fonte: Padrón de Habitantes e Rexistro Civil. Elaboración propia.**

Ante esta grave situación respecto á natalidade que vive tanto a cidade de Santiago como o seu espazo máis emblemático, o Casco Histórico, só nos queda pedir dende aquí unha intervención municipal, na medida das súas posibilidades, no asunto, fomentando a ocupación dos inmobles vacíos da cidade vella, favorecendo aínda máis a rehabilitación, pero non só para quedares de novo vacías as casas, senón ocupadas pola xente nova en idade de procrear. En calquera caso, o que está moi claro é que a situación actual amósasenos moi preocupante, e dende todas as institucións tería que tentarse a procura de solucións para lograr acadar, cando menos, o reemprazo xeracional, que como logo veremos, está lonxe de conseguirse.

### **2.1.2.- A Fecundidade**

Para efectuar a análise da fecundidade achegarémonos a unha serie de indicadores, o primeiro dos caís é a Taxa Xeral de Fecundidade ou Taxa Bruta de Fecundidade, que pon en relación os nacementos coa poboación feminina en idade fecunda (convencionalmente a mulleres de entre 15 e 49 anos), de xeito que está moito menos influída pola composición por idades dunha poboación que a Taxa Bruta de Natalidade.

Ó igual que ocorría coa natalidade, esta taxa mostra o importante declive da fecundidade nos últimos trinta anos tanto no conxunto de Santiago como na área histórica (cadro 6).

Chegados a este punto debemos facer unha puntualización, no arquivo do concello o padrón de 1965 está incompleto pola perda de máis da metade dos tomos que o compoñían inicialmente, de xeito que dos 63.708 habitantes de dereito que tiña Santiago nesa data só aparecen nel 26.024. Este continxencia fará que cando falemos do conxunto da urbe nos refiramos tan só a ese 40,85 % de rexistros que posuímos. Afortunadamente o Casco Histórico, obxecto fundamental deste estudio, aparece completo.


<sup>0</sup> / <sub>100</sub>	1965	1995
SANTIAGO *	50,3	24,2
CASCO HISTÓRICO	30,4	19,8

**Cadro 6.- Taxa xeral de fecundidade en Santiago e o Casco Histórico en 1965 e 1995.**

**\*En 1965 non se refire a todo o concello, senón ó conxunto dos sectores dos que se dispón de datos. Fonte: Padrón de Habitantes e Rexistro Civil. Elaboración propia.**

A taxa de fecundidade acadaba en Santiago na primeira das datas un valor que dobra o actual. A situación presente é certamente negativa, sobre todo se a comparamos co que acontece a nivel galego, onde esta taxa ronda o 35 <sup>0</sup>/<sub>100</sub>. O Casco Histórico, pola contra, tivo un decrecemento menos acusado, se ben é certo que partía xa dun valor moi feble, situándose en 1995 por debaixo do 20 <sup>0</sup>/<sub>100</sub>. En 1965 tanto Santiago como a Zona Vella tiñan uns valores máis cativos do habitual naqueles tempos, posto que a cidade situábase un 30 <sup>0</sup>/<sub>100</sub> por debaixo da media urbana galega e o Casco Histórico un 50 <sup>0</sup>/<sub>100</sub>. As causas desa situación estriban na importancia das comunidades relixiosas na cidade e en que en Santiago a relación de masculinidade (número de homes por cada 100 mulleres) estaba moi por debaixo de 100 (84,83), de xeito que moitas mulleres non emparellaban. Ademais as mulleres que emigraban, en menor número que os varóns, eran precisamente as que estaban na idade máis fecunda, mermando o continxente de mulleres potencialmente reproductoras no intervalo de idades comprendido entre os 20 e os 40 anos. Todos estes caracteres, especialmente a importancia das comunidades relixiosas e a baixa relación de masculinidade (76,13), incidían en maior medida no Casco Histórico, de aí a taxa tan mermada que presenta. En 1995 a taxa continúa sendo menor á galega en proporcións similares ás que se daban na primeira data. As causas non son exactamente as mesmas que entón, xa que agora non faltan as mulleres dos grupos de idades máis fecundas, e aínda que a razón de masculinidade segue a ser baixa (89 en Santiago e 76,4 no Casco Histórico). A causa fundamental da escasa taxa

actual hai que relacionala con que a fecundidade se concentre só nun ou dous intervalos de idade dentro de todo o período reproductivo (maioritariamente entre os 30 e 39 anos), como consecuencia da planificación da descendencia, do traballo feminino fóra do fogar, do maior período de tempo que dura a formación, etc.



**Figura 2.- Taxa específica de fecundidade no concello de Santiago e no Casco Histórico en 1965 e 1995. \*En Santiago para 1965 datos referidos ós sectores dos que se dispón de datos. Fonte: Padrón de Habitantes e Rexistro Civil. Elaboración propia.**

Un indicador máis preciso aínda que o anterior e no que podemos apreciar claramente as idades nas que se concentra a fecundidade é a Taxa Específica de Fecundidade, que relaciona os nacementos segundo a idade da nai co efectivo total de mulleres desa mesma idade (figura 2). En 1965, tanto en Santiago como no Casco Histórico o máximo de fecundidade situábase no intervalo de 25 a 29 anos. Vemos como na actualidade a situación mudou, xa que no conxunto da cidade ese máximo trasládase ós 30-34 anos, mentres que na Zona Vella ós 35-39 anos, aínda que o grupo de idade anterior tamén presenta unha taxa moi parella. Na primeira data o Casco Histórico tiña xa unhas cifras de fecundidade moito menores en todos os grupos de idade que no resto do concello, polas causas xa apuntadas. Nese ano acada o máximo no intervalo de 25-29 anos, cun segundo máximo nos 35-39 anos, e cun descenso notable entre ambos grupos de idade. De todos os xeitos a taxa mantense relativamente alta entre os 25 e os 44 anos, diferenciándose do conxunto do concello no que a fecundidade comenzaba a medrar xa ós 20-24 anos. En 1995, pola contra, ademais de moito máis baixas, as taxas teñen un comportamento irregular, xa que no primeiro grupo de



idade están en valores máis altos que en 1965, posiblemente influidas por embarazos non desexados en adolescentes, mentres que nos 20-24 anos baixa ata cero a fecundidade, para rexistrar logo o máximo nos 35-39 anos. Esta irregularidade, con falta de nacementos nas mulleres de 20-24 anos e a partir dos 40 está en relación co escaso número de efectivos en idade fértil nesta área da cidade na actualidade, que fai que poidan ocorrer estas situacións. Estamos diante dunha poboación avellentada, onde a fecundidade se sitúa a idades tardías (é o único sector do concello onde o máximo de fecundidade se da neste intervalo de idade tan avanzado).

Se sumamos as taxas específicas de fecundidade recén vistas obtemos outro indicador, o Índice Sintético de Fecundidade ou Número Medio de Fillos por Muller. Este índice acláranos o promedio de descendentes que tería unha muller ó longo da súa vida, no suposto de que non haxa mortalidade para as mulleres durante o seu período fértil, e de que nese intervalo de tempo as taxas específicas de fecundidade fosen as mesmas que no ano de referencia.

Ben é sabido que nas sociedades occidentais actuais, coas condicións demográficas que posúen, o número medio de fillos necesarios para asegurar o reemprazo xeracional establécese en 2,1 (Puyol Antolín, 1988), cifra que non se acada nin en Santiago nin no Casco Histórico en ningunha das dúas datas estudadas (cadro 7), situándose especialmente lonxe dese umbral desexado en 1995. Estes datos son moi clarificadores do grave da situación da natalidade e da fecundidade en Compostela e especialmente no Casco Histórico, e o peor de todo é que esta tendencia negativa continuará.

ÍNDICE SINTÉTICO DE FECUNDIDADE	1965	1995
SANTIAGO	1,95	0,80
CASCO HISTÓRICO	1,31	0,60
IDADE MEDIA Ó SER NAI	1965	1995
SANTIAGO	31,60	30,98
CASCO HISTÓRICO	32,74	32,67

**Cadro 7.- Índice sintético de fecundidade e idade media ó ser nai en Santiago e o Casco Histórico en 1965 e 1995. \*En Santiago para 1965 datos referidos ós sectores dos que se dispón de datos. Fonte: Padrón de Habitantes e Rexistro Civil. Elaboración propia.**

Un último indicador que imos empregar con referencia á fecundidade é a Idade Media ó ser Nai (cadro 7). Apreciamos como esta idade era máis elevada en 1965 nos dous casos, aínda que no Casco Histórico son mantense cáseque idéntica en ambas datas. Esas avanzadas idades en 1965 dependían de que as mulleres soían ter varios fillos, os primeiros

nacían pronto, pero os últimos partos eran frecuentes a partir dos 35 anos. Agora é diferente porque en moitas ocasións só se ten un fillo e calcúlase o momento idóneo para concebilo (en torno ós 30 anos). Deste xeito vemos como situacións ben diferentes están dando idades medias similares.

O retardamento nas idades máis fecundas e o descenso significativo das taxas de fecundidade dende 1965 ata a actualidade tiveron unhas causas moi claras. “O declive da fecundidade está en relación co proceso moi complexo que obedeceu a cambios económicos substanciais que actuaron nun contexto heteroxéneo, social e culturalmente, e que foi reforzado polo descubrimento e difusión de innovacións técnicas e por transformacións demográficas decisivas” (Puyol Antolín, 1987), entre as que se poden citar: a xeneralización dos métodos anticonceptivos; o cambio de mentalidade da poboación na procura da igualdade dos sexos e a promoción social da muller, cunha maior liberdade sexual, un descenso da nupcialidade e un aumento da ruptura de parellas, xunto co deterioro da relixiosidade; e, a crise económica que levou ó crecemento do paro, sen existir agora a vía de escape da emigración.

### **2.1.3.- A Mortalidade.**

Para analizar este suceso demográfico imos empregar tres índices diferentes, a Taxa Bruta de Mortalidade, a Taxa de Mortalidade por Idade e a Esperanza de Vida ó Nacer.

A Taxa Bruta de Mortalidade proporciónanos a cifra de falecementos por cada mil habitantes no ano de referencia. En Santiago, no período de tempo estudado a taxa baixou nun 1 ‰, mentres que no Casco Histórico fíxoo nun 1,7 ‰. Tanto en 1965 como en 1995 topámonos diante dunha mortalidade bastante baixa na cidade e na súa área histórica con respecto á galega e española (cadro 8). Na primeira data, o Casco Histórico presentaba unha maior taxa de mortalidade que o conxunto compostelán, propiciada por un avellentamento superior da súa poboación, que xa se deixaba sentir naqueles intres. Na actualidade, en cambio, sorprende que a taxa da Zona Vella esté na media da do concello de Santiago, por posuír os habitantes daquel espazo uns índices de avellentamento extremadamente elevados. A única explicación de que isto aconteza é que se trate dun feito coxuntural, é dicir, que escollimos un ano no que se produciron menos falecementos dos que son habituais.

Para evitar a influencia da estrutura por idades na Taxa Bruta de Mortalidade podemos utilizar outro indicador, o de Mortalidade por idade (figura 3), que nos proporciona “medias de mortalidade moi significativas” (W. Zelinsky, 1977). Se nos fixamos na representación gráfica desta taxa observamos como en 1965 para o conxunto de Santiago a mortalidade se mantén preto de cero ata os 40-44 anos agás no primeiro intervalo de idade (0-4 anos), cunha taxa maior debido á incidencia que nel presenta a mortalidade infantil. A partir dos 45-49 anos o crecemento da taxa é contínuo ata os 80-84 anos, para logo baixar de novo por ser o último un intervalo aberto, comprendendo un maior número de anos e consecuentemente de membros. Este comportamento dáse tanto nos varóns como nas mulleres, aínda que entre ambos sexos obsérvase como ata os 35-39 anos non predomina un sobre o outro en canto á mortalidade, pero a partir dos 40 anos a masculina é moi superior xa á feminina, e especialmente a partir dos 65-69 anos.

<sup>0</sup> / <sub>100</sub>	1965	1995
<b>SANTIAGO</b>	7,10	6,11
<b>CASCO HISTÓRICO</b>	7,79	6,09
<b>GALICIA</b>	8,46	8,55 *
<b>ESPAÑA</b>	8,80	9,98 *

**Cadro 8.- Taxa bruta de mortalidade en Santiago, o Casco Histórico compostelano, Galicia e España en 1965 e 1995. \*Datos referidos a 1990. Fonte: Padrón de Habitantes e Rexistro Civil. Elaboración propia.**

No Casco Histórico a evolución das curvas no gráfico é similar ata os 55-59 anos, coa salvedade de que a partir de entón as taxas masculina e feminina móstranse moito máis parellas, sobrepasando a segunda á primeira nos intervalos comprendidos entre os 75 e 84 anos. Nesta área a taxa de mortalidade masculina é baixa a estas idades avanzadas con respecto á do conxunto da cidade. A explicación deste feito hai que buscala nas causas da morte, xa que no Casco Histórico habitaba naquela data unha poboación cun nivel de vida e económico moi superior ó do conxunto do concello, de xeito que o doado acceso á sanidade, a mellor alimentación, a hixiene axeitada, etc., supoñía unha expectativa de vida superior, como poderemos apreciar logo ó falar da Esperanza de Vida.

Así mesmo, pódese apreciar como entre a poboación de idade avanzada a mortalidade acadada unhas taxas máis baixas que as do conxunto da cidade, o que acontece diante da maior esperanza de vida, tanto masculina como feminina, existente na “améndoa” histórica, como de seguido teremos ocasión de comprobar.

A superior incidencia da mortalidade masculina dende idades temperás tanto no Casco Histórico como no conxunto do concello hai que relacionala con causas biolóxicas inherentes ós varóns, coa maior incidencia de certos “vicios” sociais nos homes, como alcoholismo e o tabaquismo, e coa incidencia do mundo laboral (no que a muller estaba moi pouco inmersa) que propiciaba sobre todo nalgunhas profesións un acusado desgaste físico e o risco de accidentes laborais.




Figura 3.- Taxas de mortalidade por grupos de idade e sexo en Santiago e no Casco Histórico en 1965 e 1995. \*En Santiago para 1965 datos referidos ós sectores dos que se dispón de datos. Fonte: Padrón de Habitantes e Rexistro Civil. Elaboración propia.

En 1995, en cambio, no conxunto do concello apreciamos un maior achegamento das taxas masculinas e femininas, aínda que as primeiras seguen a ser máis elevadas polas causas recién comentadas. As taxas son en todos os grupos de idade máis baixas que en 1965, especialmente nos superiores ós 65-69 anos, resultado dos progresos médicos e sanitarios que favorecen un alongamento nas expectativas de vida. Ademais, no grupo de 85 e máis anos xa non se rexistra unha mortalidade inferior ó anterior, de xeito que agora o incremento na taxa é progresivo dende os 50-54 anos. Pola contra, no Casco Histórico topámonos diante dunha taxa máis irregular pero cunha tendencia similar á do conxunto do concello. Esta irregularidade é fruto dos escasos efectivos de idades xoves que existen, co que un ou dous falecementos a esas idades disparan as taxas, como ocorre cos varóns de 0-4 anos ou nas mulleres de 20-24 anos. O mesmo comportamento irregular acontece cos varóns a idades máis avanzadas, pero non coas mulleres que a esas idades mostran un comportamento máis regular, xa que estamos diante de grupos que posúen continxentes demográficos significativos e non acusan distorsión por leves variacións no número de falecementos. As taxas femininas son a partir dos 75 anos máis elevadas como consecuencia do alto grao de feminidade e o acusado avellentamento que presentan nesta área da cidade.

Outro indicador que podemos utilizar, moi axeitado como expresivo do nivel de desenvolvemento económico e social dunha poboación, é a Esperanza de Vida ó Nacer, que pode definirse como o “cálculo dos anos que pode esperar vivir unha persoa no momento do seu nacemento, equivale á duración media que tería a vida de cada un dos membros dunha xeración se se repartisen entre todos os anos vividos polo conxunto” (Puyol , Estébanez e Méndez, 1988).

	1965		1995	
	VARÓNS	MULLERES	VARÓNS	MULLERES
SANTIAGO *	56,70	67,07	68,34	77,98
CASCO HISTÓRICO	65,43	72,40	66	78,79

**Cadro 9.- Esperanza de vida ó nacer (en anos) en Santiago e no Casco Histórico en 1965 e 1995.**

**\*En 1965 non se refire a todo o concello, senón ó conxunto dos sectores dos que se dispón de datos. Fonte: Padrón de Habitantes e Rexistro Civil. Elaboración propia.**

Se nos fixamos no cadro 9 podemos apreciar como nos trinta anos transcorridos a Esperanza de Vida medrou de xeito notorio no conxunto de Santiago e máis paseniñamente no Casco Histórico. Esta diferenza ven motivada pola circunstancia de que este espacio posuía unha elevada esperanza de vida xa en 1965 como consecuencia de seren en xeral os seus habitantes xentes de elevado estatus económico e maior nivel cultural, o que incidía

nunha mellor calidade de vida e unha máis dilatada lonxevidade. A evolución rexistrada levou a que o conxunto da poboación acadase uns niveis de benestar mínimos (acceso á sanidade universal, maior hixiene e información, etc.), de xeito que hoxe domina unha maior uniformidade dentro de todos os espazos que compoñen a cidade compostelá, ó igual que ocorre na maior parte das sociedades occidentais contemporáneas.

De todos os xeitos, a Esperanza de Vida feminina móstrase anormalmente por enriba da masculina, xa que o máis frecuente é que se sitúe cinco ou seis anos por enriba da dos varóns, polas causas xa mencionadas, aínda que tanto no conxunto de Santiago como no Casco Histórico supera os 10 anos.

Unha vez que xa nos achegamos á natalidade e á mortalidade cómpre ocuparnos do crecemento vexetativo, que nos proporcionará uns valores moi interesantes, indicándonos se o conxunto demográfico que estudiamos está medrando ou pola contra perde efectivos.

#### **2.1.4.- O Crecemento Vexetativo.**

O crecemento vexetativo “consiste na variación dos efectivos dunha poboación no tempo como resultado do balance entre nacementos e defuncións” (Campillo, Méndez e Souto, 1993).

Este índice coñeceu unha espectacular baixada dende 1965 ata hoxe, moito máis acusada no conxunto do concello que na súa Zona Vella, por partir de valores significativamente superiores (cadro 10). Así, mentres en Santiago descendeu en máis dun 9<sup>0</sup>/<sub>00</sub>, no seu Casco Histórico fíxoo nun 2<sup>0</sup>/<sub>00</sub>, se ben é certo que no conxunto municipal aínda existe un saldo positivo, aínda que moi leve (inferior ó 1<sup>0</sup>/<sub>00</sub>) mentres que a área histórica xa se sitúa en valores claramente negativos.

<sup>0</sup> / <sub>00</sub>	<b>1965</b>	<b>1995</b>
<b>SANTIAGO *</b>	9,93	0,73
<b>CASCO HISTÓRICO</b>	1,02	-1,03

**Cadro 10.- Crecemento vexetativo en Santiago e no Casco Histórico en 1965 e 1995.**

**\*En 1965 non se refire a todo o concello, senón ó conxunto dos sectores dos que se dispón de datos. Fonte: Padrón de Habitantes e Rexistro Civil. Elaboración propia.**

En 1965 o Casco Histórico mostraba unha clara tendencia ó estancamento do crecemento vexetativo, mentres que Santiago tiña un forte incremento dos seus habitantes como consecuencia da dinámica propia dos mesmos. Pola contra, a situación actual é francamente preocupante, e estanos a indicar a existencia dunha baixa natalidade e

fecundidade, como vimos de ver, que propicia unha redución de efectivos no Casco Histórico, que se extenderá en breve ó resto do concello, que para medrar no eido demográfico só conta co aporte inmigratorio. Na área histórica compostelana a poboación anciana, moi numerosa, cando falece non está sendo reempresada polos escasos nenos que nacen, e ó ser unha área con graves dificultades para a captación de novos residentes (altos precios do solo, deterioro dos inmobles, etc.), a despoboación que está a sufrir dende hai trinta anos continuará producíndose, correndo o risco de converterse nun valeiro demográfico.

Tras este achegamento ó movemento natural da poboación, convén caracterizar a súa estrutura, como faremos a continuación.

## 2.2.- A Estructura da Poboación.

### 2.2.1.- A Composición por Sexo.

A medida que imos empregar para achegarnos á composición por sexo da poboación de Santiago e da súa Zona Vella é a Razón de Masculinidade, que nos indica o número de homes existentes por cada 100 mulleres.

	1965	1995
SANTIAGO *	84,82	89,55
CASCO HISTÓRICO	76,13	76,46

**Cadro 11- Razón de masculinidade en Santiago e no Casco Histórico en 1965 e 1995.**

**\*En 1965 non se refire a todo o concello, senón ó conxunto dos sectores dos que se dispón de datos. Fonte: Padrón de Habitantes e Rexistro Civil. Elaboración propia.**

Santiago posuía en 1965 menos de 85 varóns por cada 100 mulleres. En 1995 a proporción medrou, aínda que segue a ser moi baixa. As causas deste escaso número de homes no concello compostelano temos que buscalas nunha serie de factores entre os que cabe citar o avellentamento e unha baixa taxa de natalidade que explica, en certa medida, a maior proporción de mulleres, porque xa dende o nacemento a mortalidade é superior entre os homes que nas mulleres, de xeito que o maior número de nenos ó nacer se compensa con esta maior sobremortalidade masculina vinculada non só a causas conxénitas, senón tamén ás esóxenas, que, se ben hoxe inciden tamén significativamente nas mulleres e é posible que nun futuro se equilibren neste sentido cos homes, aínda afectan máis ós varóns (alcoholismo,

tabaquismo, accidentes de traballo, etc.). Pero a causa, sen dúbida, que máis alterou a relación entre sexos neste concello foi a relacionada cos movementos migratorios. Por un lado a emigración que afectou ó municipio con marcha de efectivos a América e a Europa dende a segunda metade dos anos 1950 ata mediados dos 1970 supuxo a perda dun continxente importante de poboación masculina, que era a maioritaria neste tipo de fluxo. Por outra banda, a cidade, ó mesmo tempo, era atractiva para moita poboación, procedente en boa medida dos seus entornos rurais, que se trasladaba a vivir a ela. Neste caso acudíu máis poboación feminina que masculina, xa que se ofertaba moito traballo no sector servicios (empregadas de fogar e limpeza, dependentas, etc.) no que as mulleres tiñan máis doado acceso.

A área do concello cunha razón de masculinidade máis baixa tanto en 1965 como en 1995 é o Casco Histórico, manténdose estable a proporción en algo máis de 76 homes por cada 100 mulleres. Na primeira data este espacio estaba xa relativamente avellentado, de xeito que, ó ter as mulleres unha maior esperanza de vida, o seu número era máis elevado. Ademais, influía que houbo un bo número de conventos femininos. Sendo tamén éste un dos sectores da urbe no que vivían as clases máis acomodadas, co que eran numerosas as mulleres adicadas ó traballo doméstico que vivían nas casas nas que estaban empregadas. Trinta anos despois a causa principal da elevada taxa de feminidade é o extremado avellentamento da poboación residente no antigo espacio intramuros. Isto produce que moitas mulleres, a maior parte delas viúvas de avanzada idade, vivan soas. Tamén segue a incidir, aínda que en menor medida, o número de mulleres célibes relixiosas que residen neste sector da cidade.

### **2.2.2.- A Composición por Idade.**

Para achegarnos a ela faremos a división clásica que establece tres “grandes grupos” de idade: os xoves (dos 0 ós 19 anos), os adultos (dende os 20 ata os 59 anos) e os vellos (dos 60 anos en diante). “A principal ventaxa desta división é que permite comparar facilmente a poboación improductiva (xoves e vellos) coa poboación activa, que, a grandes rasgos, se corresponde co grupo de adultos” (Pérez Fariña, 1985). Paralelamente, utilizaremos unha serie de índices para poder advertir a xuventude ou a vellez da poboación, para facer isto achegarámonos á clasificación que fixo Veyret-Verner (1959). Na mesma considera que para



calificar unha poboación de xove ésta debe ter máis do 35 % dos seus efectivos por debaixo dos 20 anos, se este grupo de idade acadada entre o 30 e o 35 % da poboación acharíamónos diante dunha transición cara o avellentamento, mentres que de ser inferior ó 30 %, o avellentamento sería xa unha realidade. Ademais, indícanos que se os menores de 40 anos acadan o 65 % ou máis da poboación atopámonos diante dun claro índice de xuventude, a transición entre poboación xove e vella estaría neste caso entre o 60 e o 65%, mentres que a poboación vella sería, a tódolos efectos, a que se situase por debaixo do 60 %. Polo que respecta á porcentaxe de vellos plantexa que se os maiores de 60 anos superan o 12 % dos habitantes estariamos fronte a unha poboación avellentada, aínda que posteriormente outros autores indicaron que esta cifra pode chegar ata o 14 %, que si sería o límite máximo a partir do cal a poboación se calificaría como avellentada. Un último indicador que nos ofrece é o que se refire á relación existente entre os integrantes dos grupos de vellos e de xoves, marcando o límite para considerar vella a unha poboación no valor 0,5, se o índice se sitúa entre 0,4 e 0,5 está próxima ó avellentamento, e se se mantén por debaixo de 0,4 trátase dunha poboación nova.

	XOVES(%)		ADULTOS(%)		VELLOS(%)		<40(%)		>60/<20	
	1965	1995	1965	1995	1965	1995	1965	1995	1965	1995
<b>SANTIAGO*</b>	36,87	22,61	49,51	56,75	13,62	20,64	64,98	55,47	0,37	0,94
<b>CASCO HISTÓRICO</b>	32,88	16,10	50,36	52,44	16,76	31,46	59,21	44,25	0,51	1,95


**Cadro 12.-** Peso porcentual dos grandes grupos de idade, da poboación menor de 40 anos e relación entre vellos e xoves en 1965 e 1995 en Santiago e o Casco Histórico. \*En 1965 non se refire a todo o concello, senón ó conxunto dos sectores dos que se dispón de datos. Fonte: Padrón de Habitantes e Rexistro Civil. Elaboración propia.

O primeiro que destaca ó observar os datos (cadro 12) é o gran cambio rexistrado entre 1965 e 1995, pois trátase de dous réximes demográficos xa moi distintos. Hai trinta anos a cidade e todos os seus barrios, presentaban uns indicadores que reflectían claramente un notable grao de xuventude da súa poboación, agás o Casco Histórico, que sen estar moi avellentado topábase xa preto desa situación. En cambio, en 1995 todo o concello presenta uns moi fortes índices de senectude, sendo especialmente graves no perímetro histórico.

As causas principais destas diferencias tan notorias que acontecen nestas tres décadas véñennos dadas, fundamentalmente, polo declive da fecundidade, e por ende da natalidade, e polo aumento da esperanza de vida, que permitiu o incremento da porcentaxe de persoas de 60 ou máis anos. Non podemos esquecer tampouco os efectos da forte emigración, que contribuíu a que os dous fenómenos anteriormente citados tivesen máis forza, xa que faltaron

moitos posibles pais que incrementasen a natalidade, facendo ademais medrar o peso porcentual dos vellos ó descender o número de adultos.

Polo que respecta concretamente ó Casco Histórico vemos como en 1965 o grupo dos vellos presentaba xa un peso bastante acusado, o grupo de xoves estaba mermado (mostrándose en clara transición cara o avellentamento), e os menores de 40 anos acadaban menos do 60 % dos efectivos, situándose o índice de vellez no 0,51, xusto no límite a partir do cal se pode considerar xa como unha poboación vella. Todos os indicadores, por tanto, refírense a unha poboación que entrou na vellez, pero que aínda está próxima ós bordes que a marcan. Esta situación ven propiciada pola menor natalidade e fecundidade existente nesta área da cidade, debido en boa medida á elevada feminización e ó alto grao de celibato dos seus moradores. O abandono progresivo deste espacio ó ter un bo número de casas deterioradas e uns altos precios dos inmobles que impiden o cambio de dono, son os factores que máis incidiron no seu avellentamento, que continuou incrementándose ó longo dos seguintes trinta anos ata acadar proporcións realmente alarmantes, como é norma xeral na maior parte do cascos históricos españois.



**Figura 4.- Porcentaxe de cada gran grupo de idade en Santiago (1.-1965 e 3.-1995) e no Casco Histórico (2.-1965 e 4.-1995). \*En Santiago para 1965 datos referidos ós sectores dos que se dispón de datos. Fonte: Padrón de Habitantes e Rexistro Civil. Elaboración propia.**

En 1995 o Casco Histórico é, con diferenza, o lugar da cidade que presenta un máis acusado avellentamento, con só o 16 % da poboación por debaixo dos 20 anos, acadando un 59 % os menores de cuarenta anos, un 31 % o grupo de vellos e un índice de senectude de 1,95, é dicir, hai practicamente dous vellos por cada persoa nova, o cal podemos calificalo cando menos de preocupante, aínda que ben é certo tamén que durante o curso académico

nesta área viven uns 1500 universitarios, que de todos modos producen un rexuvenecemento pouco significativo, xa que unha gran parte deles non entran a formar parte do grupo de xoves, senón do de adultos.

Unha vez vista a situación, cabe dicir que é preocupante que o concello semelle camiñar cara a un agravamento do xa elevadísimo avellentamento, sobre todo tendo en conta que a poboación adulta de entre 20 e 45 anos en moitas ocasións se establece nos concellos limítrofes, que ofertan vivendas de variadas tipoloxías e comodidades, pero sempre a uns precios ou con prestacións máis competitivas dos que se poden atopar na cidade ou no concello. Deste xeito, Santiago está perdendo o seu potencial demográfico máis dinámico e aínda que os habitantes asentados na periferia seguen a depender funcionalmente da urbe, ésta perde ingresos e ten que facer fronte progresivamente a unhas maiores cargas económicas no referente á sanidade e servicios xeriátricos, co problema que iso plantexa. Ante esta situación de incremento do grupo das persoas de 60 e máis anos estase a impoñer unha análise na que se distinguen dous subgrupos: os vellos-xoves (*young old* en terminoloxía anglosaxona), que engloba ós de 60 a 74 anos, e os vellos-vellos (*old old*), que son os de setenta e cinco anos en diante. Esta subdivisión é importante coñecela xa que é neste segundo grupo onde se dan uns índices xa moi significativos de alteracións na saúde física e mental das persoas, e o número de efectivos que se atopan nestas idades debe terse en conta á hora de estudar e planificar de forma axeitada os efectos do avellentamento da poboación. En Santiago, en 1965, a poboación que superaba os 74 anos era moi pouca porcentualmente, acadando no conxunto das áreas do municipio das que tiñamos datos un 3,48 %. O Casco Histórico era o sector urbano no que tiña un maior peso, e sen embargo non era nen moito menos elevado (4,61 %). Sen embargo, en 1995 a situación mudou substancialmente, así, o concello posuía un 7,40 % da súa poboación dentro desta idade, mentres que no Casco Histórico a situación é certamente preocupante, cun 14,63 %. Para atender as necesidades desta poboación anciana de xeito adecuado “será necesario adicarlles recursos crecentes e adxudicalos de forma correcta atendendo ás desigualdades existentes na distribución xeográfica dos anciáns” (Puyol Antolín, 1988).

Este tratamento que vimos de facer por grandes grupos de idade de Santiago e o seu Casco Histórico quedanos un pouco incompleto, porque “non indica a proporción por sexos; non da nengunha característica entre os 20 e os 60 anos, etc. É máis sinxelo e expresivo

recurrir ás pirámides de idade se se quere coñecer mellor a evolución da estrutura por idade e sexo” (Pérez Fariña, 1985), o que faremos a continuación.

### **2.2.3.- A Composición por Idade e Sexo.**

“A distribución dunha poboación nun momento dado segundo a idade e o sexo dos elementos que a forman é unha das súas características máis importantes e con maior número de implicacións socioeconómicas” (Pressat, 1989). Para achegarnos a esta composición utilizaremos as pirámides de poboación, que nos permiten cruzar a variable sexo co atributo idade de xeito que se nos “ofrecen importantes matices, e o seu coñecemento pode resultar especialmente útil para o estudo da dinámica demográfica e das interaccións dos individuos co espacio que ocupan” (Vinuesa, Zamora, Gènova e Recaño, 1994).


As dúas pirámides correspondentes a 1965 (figura 5) teñen unha serie de rasgos comúns: o grupo de idade de 25-29 anos tanto no sexo masculino como no feminino presenta unha profunda entaladura, feito que ocorre porque estamos ante a xeración de nados durante a Guerra Civil, coa caída da natalidade que a contenda supuxo. Pola contra os grupos dos 20-24 e 15-19 anos presentan unha potencia considerable, neste caso topámonos ante o “baby boom” posterior a tódolos conflitos bélicos tralo reencontro de parellas separadas durante a confrontación, a realización de matrimonios pospostos, etc. Nas cohortes de 50-54 e 55-59 anos cabería esperar tamén, sobre todo nos varóns, unha entrada debida ás baixas sufridas durante a Guerra, pero ésta só aparece de xeito leve, e influida non só por esa continxencia, senón tamén pola emigración anterior á Guerra cara América. O que si temos en todos os casos é un maior peso das mulleres, tanto máis elevado canto máis nos achegamos a idades avanzadas, sendo consecuencia tanto da sobremortalidade biolóxica masculina como da incidencia da emigración exterior, que afectou cunha incidencia notoriamente maior ós varóns, deixándose notar, especialmente, nos grupos de idade que superan os 20 anos.

No ano 1995 as pirámides acusan unha redución considerable no grupo de 55-59 anos, o mesmo que en 1965 tiña 25-29 anos, pola causa xa mencionada da baixa natalidade durante os anos da Guerra, e unha lonxitude relativamente importante respecto deste grupo nos brazos de 50-54 e 45-49 anos polo incremento posterior ó enfrentamento bélico no

número de nacementos. A maior porcentaxe de mulleres nos grupos de adultos e especialmente no de vellos tamén é unha característica a salientar nesta data.

A pirámide correspondente a 1965 referida ó conxunto do concello ten unha forma triangular bastante marcada, exceptuando a súa base, que presenta un retranqueamento nos tres primeiros grupos de idade. Estamos, por tanto, diante dunha poboación aínda xove, pero que empeza a mostrar rasgos de transición cara o avellentamento, apreciable tanto no descenso da natalidade como na falta de efectivos entre 25-29 e 40-44 anos como consecuencia da emigración, na que a componente masculina é máis numerosa, como podemos comprobar na lonxitude dos brazos, aínda que a feminina tamén se produce. Esta emigración inflúe de xeito notable en que a natalidade se estea a reducir, como vemos sobre todo nos dous primeiros grupos de idade. Outro fenómeno emigratorio tamén aparece reflexado, aínda que con menor incidencia xa nestes intres, a partir dos 64 anos. Trátase do que aconteceu dende finais do século pasado e nos comezos deste cara América, e apréciase case exclusivamente nos homes, de xeito que esta merma masculina engádese o xa de por si elevado grao de feminización a estas idades. A destacada lonxitude dos brazos comprendidos entre os 10 e os 24 anos está condicionada en boa medida polo aporte de efectivos alleos á poboación autóctona, como o alto número de nenos e nenas residentes en internados do “ensanche”, Casco Histórico e barrios próximos a el, ademáis de varios colexios maiores para universitarios e seminaristas, sen esquecer ós soldados de reemprazo asentados no cuartel do Hórreo.

A situación nos mesmos lugares, pero trinta anos máis tarde, é totalmente diferente, achándonos ante dous rexímenes demográficos xa completamente distintos. Esta pirámide móstranos unha forma abulbada, de “furna”, moi marcada, que denota claramente a senectude na súa estrutura por idade e sexo. En efecto, a base da pirámide é moi reducida, e pola evolución sufrida dende os 20-24 anos ata os 0-4 anos non ten nengún viso de cambiar a situación nos próximos anos. Pola contra, os grupos de idade que están por enriba dos 59 anos teñen un número de membros elevado. Pero son os grupos de adultos os que presentan unhas maiores porcentaxes. Esta situación é unha herdanza do proceso emigratorio que comentabamos para 1965 e que naquel momento estaba no seu momento máis álxido, que favoreceu en sobremaneira tanto o crecemento do número de vellos como a redución dos nacementos, nos que influíu tamén o cambio nas mentalidades operado neste período de



**Figura 5.- Estructura da poboación de Santiago e o Casco Histórico por idade e sexo en 1965 e 1995. \*En Santiago para 1965 datos referidos ós sectores dos que se dispón de datos. Fonte: Padrón de Habitantes e Rexistro Civil. Elaboración propia.**

tempo, acompañándose tamén dunha crecente planificación familiar e do descenso dos índices de fecundidade. As mulleres son máis numerosas que os homes dende os 15-19 anos, pero especialmente dende os 60-64 anos, feito que hai que explicalo pola súa maior duración media de vida.

No Casco Histórico básicamente acontece o mesmo que vimos de comentar para o conxunto do concello, pero ten tamén unha serie de caracteres específicos. En 1965 a pirámide móstranos unha clara forma oxival se excluimos o grupo de idade dos 15-19 anos (que aparece sobredimensionado pola existencia dun notable número de internos varóns desa idade na rúa de San Agustín, e na Rúa Nova dun internado feminino que acollía mulleres de entre 15 e 24 anos, de ahí que entre elas a cohorte de 20-24 tamén teña unha alta porcentaxe de efectivos), é dicir, cun grao xa significativo de avellentamento, pero aínda non moi grave. A redución da natalidade experimentase nos dous primeiros intervalos temporais que reflicten por un lado a existencia de fenómenos emigratorios, e por outro o maior peso neste emblemático lugar da cidade do grupo de anciáns. Esta última circunstancia ten a súa orixe no proceso que xa ocorría nestes intres, de abandono do Casco Histórico, fenómeno que se agravará co paso do tempo, propiciando o avellentamento e feminización da súa poboación (ó ter elas unha maior esperanza de vida), e ó non poder a poboación nova que se

independiza ou forma unha familia acceder ás vivendas deste espacio diante do seu progresivo deterioro e o elevado precio do solo.

En 1995 a situación demográfica da Cidade Histórica é francamente grave. Estamos diante dunha moi próxima inversión da pirámide, sobre todo do lado feminino. A poboación aparece extremadamente avellentada e cun elevado grao de feminización ó non producirse o reempazo xeracional polas causas comentadas, que, ante a falta de solucións, continúan agravándose dun xeito practicamente irreversible.

#### **2.2.4.- A Estructura Socioprofesional da Poboación.**

As fontes empregadas para ó achegamento á realidade socioprofesional do Concello de Santiago foron máis variadas que para os outros aspectos demográficos analisados con anterioridade. O Padrón de Habitantes seguiu a ser, para 1965, a única fonte utilizada, xa que nel había unha pregunta específica referida á profesión dos inscritos. En 1995, en cambio, o Padrón non reflexa este dato, o que nos levou a ter que consultar outra fonte estatística, o Censo de 1991. Pero as publicacións que recollen esta fonte non teñen unha desagregación espacial o suficientemente detallada como para poder realizar unha análise por barrios como o que aquí pretendemos facer. É por iso que tivemos que acudir a datos proporcionados directamente polo Instituto Galego de Estatística (I.G.E). A circunstancia de acudir a esta fonte plantexounos unha serie de problemas derivados de varios feitos. Por un lado non coinciden as datas coas do resto do estudio ó referirse agora a 1965 e 1991. Ademais, os datos proporcionados polo I.G.E. recollen á poboación total, sen facer distincións nin por sexo nin por idade, co que a análise deberá constreñirse ó conxunto dos habitantes do Casco Histórico e do concello.

A continuación desenvolveremos o tema dividíndoo en tres partes fundamentais, nun primeiro momento achegarémonos á poboación activa, continuando logo coa poboación economicamente dependente, para rematar recollendo a distribución sectorial da poboación ocupada.

##### **a) A Poboación Activa.**

Está bastante xeneralizado considerar como poboación economicamente activa ó “conxunto de persoas que constitúen a man de obra dispoñible para a produción de bens e

servicios” (Puyol, Estébanez e Méndez, 1988). Para medir a poboación activa utilizaremos a Taxa de Actividade, que “é o indicador demográfico de maior significación económica, xa que establece a relación porcentual dos individuos produtores con respecto ó total de consumidores” (Vinuesa, Olivera, Abellán e Moreno, 1988).

A taxa de actividade medrou de xeito notorio entre as dúas datas estudadas, dinámica que podemos considerar como atípica, xa que normalmente nas últimas décadas a tendencia xeral a nivel dos países desenvolvidos foi a contraria, é dicir, produciuse unha baixa considerable da poboación activa como consecuencia do adiantamento na idade de retiro e un forte aumento da poboación anciana relacionado co incremento da esperanza de vida e a diminución da fecundidade. Este particular comportamento de Santiago e tamén do Casco Histórico deriva do feito da incorporación da muller dun xeito notorio á actividade laboral, xa que ésta en 1965 era moi baixa e en 1991 aínda que sen ser excesivamente alta si acadaba valores moito máis significativos. Ademais a emigración ó exterior, xa fora cara España ou o extranxeiro, era notable no concello compostelano naquel primeiro ano e mermaba de xeito importante a poboación en idade de traballar. Tampouco debemos esquecer, por último, que a porcentaxe de menores de 16 anos era sensiblemente superior en 1965 que en 1991, de xeito que rebaixaba a taxa.



	1965	1995
SANTIAGO*	34,05	42,34
CASCO HISTÓRICO	34,40	41,16
GALICIA	44,37	44,70

**Cadro 13.- Poboación activa en Santiago, o Casco Histórico e Galicia en 1965 e 1995.**

**\*En 1965 non se refire a todo o concello, senón ó conxunto dos sectores dos que se dispón de datos. Fonte: Padrón de Habitantes (1965) e Censo (1991). Elaboración propia.**

En 1965 a taxa era baixa en relación coa galega tanto no conxunto do concello como no Casco Histórico. Esta situación deriva por un lado das causas xa mencionadas, pero tamén debemos considerar que o carácter urbano de boa parte dos habitantes do concello incidía tamén na baixa taxa de actividade, xa que moitas mulleres, ó quedar liberadas das tarefas agrarias, traballaban só no fogar, ou se o facían en comercios ou pequenos negocios familiares únicamente o home aparece ó frente deles para liberarse de cargas fiscais. En 1991, ó igual que na primeira data de estudio, a taxa de actividade tamén é baixa en relación coa galega, pero situándose ámbalas dúas moito máis parellas, feito que se explica por existir unha maior actividade no ámbito urbano, onde se ofertan máis traballos. Na Zona Vella compostelana o elevado número de xubilados e o alto grao de feminización deberían levar a unha feble Taxa de Actividade, pero esta mantense nuns valores medios no conxunto de Santiago, e próximos ós galegos, ó ter un moi escaso número de xoves menores de 16 anos, o que incide en que a poboación adulta en idade de traballar teña un peso relativo suficientemente importante.

#### **b) A Poboación Inactiva.**

Por poboación inactiva enténdese a “de 16 ou máis anos que non realiza actividade económica algunha, nen busca emprego de modo efectivo” (Campillo, Méndez e Souto, 1993). Esta definición engloba a un colectivo heteroxéneo de persoas ás que podemos encadrar nalgunha das seguintes categorías: retirados, xubilados e pensionistas, escolares e estudantes, labores do fogar, incapacitados permanentes para o traballo, e outros (menores non escolarizados, opositores, etc.). Nós para o presente traballo agrupámoslos en cinco categorías que nos veñen un pouco impostas polos datos que proporciona o I.G.E., e que

decidimos manter para as dúas datas estudadas, coa fin de facilitar a comparación entre ambas. Son as seguintes: menores de 16 anos (sen diferenciar os cativos sen escolarizar dos que o están), pensionistas e xubilados, estudantes maiores de 16 anos, labores do fogar, e “outra situación” (neste caso recollemos os que non quedan incluídos nas demais categorías, e aínda que para 1991 non se nos detalle a súa composición interna, en 1965 inclúe ós denominados no Padrón como propietarios, rendistas, comisionistas e incapacitados).

	< 16 ANOS		PENSIONISTAS/ XUBILADOS		ESTUDIANTES >16 ANOS		LABORES DO FOGAR		OUTRA SITUACIÓN	
	1965	1991	1965	1991	1965	1991	1965	1991	1965	1991
SANTIAGO(*)	27,28 %	21,37 %	1,76 %	10,95 %	11,84 %	10,17 %	24,20 %	13,54 %	0,87 %	1,63 %
CASCO HISTÓRICO	22,60 %	15,62 %	2,79 %	16,51 %	14,05 %	10,99 %	24,90 %	13,35 %	1,26 %	2,37 %

**Cadro 14.- Distribución da poboación economicamente dependente en Santiago e o Casco Histórico en 1965 e 1991. \*En 1965 non se refire a todo o concello, senón ó conxunto dos sectores dos que se dispón de datos. Fonte: Padrón de Habitantes (1965) e Censo (1991). Elaboración propia.**

Apreciamos, en primeiro lugar, como descendeu o grupo de menores de 16 anos a consecuencia do retroceso da natalidade e da fecundidade, ademais do avellentamento da poboación. O grupo dos xubilados e pensionistas, en cambio, tivo un aumento espectacular entre ambas datas, e é o resultado da aplicación ríxida de normativas conducentes a limitar a idade de traballo (establecemento da idade de xubilación nos 65 anos), e do chamado “estado do benestar” que proporciona pensións a aqueles con problemas físicos importantes ou ós máis desfavorecidos. No Casco Histórico é aínda moito máis notable que no conxunto de Santiago polo elevado grao de senectude desta área da urbe. É moi notable destacar a leve baixada da porcentaxe de estudantes, feito ó que debemos buscarlle explicación atendendo a que Santiago sempre foi unha cidade que ó contar coa Universidade tivo entre os seus naturais unha taxa de estudantes elevada (en 1965 maior aínda no Casco Histórico, ó tratarse dunha das áreas máis acomodadas da urbe), moi superior a outros espazos urbanos xa que “os gastos extraordinarios de comida e vivenda que se presentaban á maioría das familias que decidían que os seus fillos alongasen a súa escolarización máis alá do Bacharelato neste caso non existían” (Lois González, 1994). A poboación adicada ós labores do fogar (prácticamente toda ela integrada por mulleres) descendeu ata situarse en 1991 case na metade do valor que posuía en 1965. Neste caso é decisiva a incorporación da muller ó mundo laboral dun xeito destacado, aínda que todavía moi mellorable. O último grupo, “outra situación”, incrementou significativamente o seu peso relativo entre as dúas datas, ata

acadar case o dobre na máis recente, pero aínda así recolle un moi escaso número de persoas. Non podemos discernir as causas do incremento xa que non coñecemos a composición interna en 1991 ó non sernos proporcionada polo I.G.E. En 1965 a metade dos seus compoñentes eran rendistas e propietarios, cifras moi baixas que denotan a desaparición destas figuras sociais, herdeiras das que en épocas precedentes tiveran moita implantación na Cidade do Apóstolo, vivindo sobre todo na área histórica como podemos comprobar no cadro 14 (tratábase da pequena nobreza rural asentada na urbe e que vivía das rendas que lle proporcionaban as súas terras).

### **c) Distribución Sectorial da Poboación Activa.**

Á hora de estudar as distintas actividades de calquera grupo humano contemporáneo a enorme diversidade de profesións e procesos productivos obriga a categorizar e agrupar distintos tipos de actividades para poder así facer un achegamento ás mesmas. No presente traballo, polo que respecta a 1991 temos que incluír a clasificación que nos ofrece o Instituto Galego de Estatística, un tanto problemática como logo explicaremos. Por esta razón para 1965 optamos por adoptar outra sistematización distinta á que seguiremos para aquel ano. De todos os xeitos trataremos, ó final da explicación, de facer unha análise na que comparemos, na medida do posible, o que acontece entre as dúas datas de referencia.

#### **c.1.- Os Sectores de Actividade en 1965.**

Para este ano imos partir da clasificación de Fisher e Clark no concerninte ós sectores primario (que engloba ás actividades relacionadas coa explotación dos recursos da terra e do mar, é dicir, as tarefas agro-pesqueiras e silvícolas) e secundario (no que se inclúe a industria e a construción). O sector terciario ou de servizos que plantexaron estes autores imos substituílo pola tipoloxía que propuxeron Browning e Singelmann en 1975, na que dividiron ós servizos en catro grandes categorías que “aparecen caracterizadas dunha forma moi eloxiable a través dunha serie de dimensións económico funcionais (función económica principal, destinatarios principais, lugar no sistema económico, nivel de cualificación dos traballadores, valor engadido *per capita* e forma de produción dominante” (Moreno e Escolano, 1992). Ademais, nesta data agregaremos a parte de todos os sectores de actividade citados un que figurará co epígrafe de “varios”, nel incluímos profesións que aparecen mal

especificadas no Padrón de Habitantes e que son difíciles de atribuir a unha adicación concreta. Trátase de termos como “industrial”, “empresario” ou “empregado”.

	SANTIAGO (*)	CASCO HISTÓRICO
PRIMARIO	1 %	0,92 %
SECUNDARIO	14,78 %	11,65 %
INDUSTRIA	11,36 %	10,60 %
CONSTRUCCIÓN	3,42 %	1,05 %
SERVICIOS	71,58 %	75,39 %
SERVICIOS ÁS EMPRESAS	5,39 %	6,67 %
BANCA/SEGUROS	1,19 %	1,44 %
ADMINISTRACIÓN/XESTIÓN	2,97 %	3,66 %
OUTROS	1,23 %	1,57 %
SERVICIOS DE DISTRIBUCIÓN	12,04 %	13,61 %
TRANSPORTE	3,56 %	1,83 %
COMERCIO	8,48 %	11,78 %
SERVICIOS SOCIAIS	37,23 %	39,01 %
MÉDICOS E SANITARIOS	5,06 %	6,02 %
EDUCACIÓN E INVESTIGACIÓN	9,44 %	11,39 %
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	3,15 %	2,36 %
RELIXIOSOS	7,25 %	11,65 %
FF. AA. E DE SEGURIDADE	9,44 %	3,40 %
PROFESIONAIS LIBERAIIS	2,83 %	4,19 %
OUTROS	0,06 %	-
SERVICIOS PERSOAIS	16,92 %	16,10 %
DOMÉSTICOS	9,85 %	10,99 %
HOSTELERÍA/RESTAURACIÓN	2,19 %	1,83 %
REPARACIÓN	2,55 %	1,44 %
PERRUQUERÍA/BELEZA	0,96 %	0,79 %
OCIO/CULTURA	0,81 %	0,66 %
OUTROS	0,56 %	0,39 %
VARIOS	12,64 %	12,04 %

**Cadro 15.- Distribución sectorial da poboación activa en Santiago e o Casco Histórico en 1965.**  
\*En Santiago non se refire a todo o concello, senón ó conxunto dos sectores dos que se dispón de datos. Fonte: Padrón de Habitantes. Elaboración propia.

Se nos fixamos no cadro 15, no que aparece recollida esta clasificación, apreciamos como en Santiago o sector primario ten unha moi escasa representación, xa que só acada o 1% do total, explicable por faltarnos os datos de todo o espazo rural do concello. No Casco Histórico esa cifra aínda era máis baixa, algo lóxico se pensamos na falta de espazo para practicar esta actividade. O sector secundario non chega ó 15 % no conxunto do concello do que posuímos información e supera pouco o 10 % na Zona Vella.

Diante destes datos vemos como en Santiago e especialmente no Casco Histórico os servicios primaban sobre calquera outra actividade. E dentro deles eran os servicios sociais

os que tiñan unha maior representación con preto do 40 % do total de empregos. Este feito estanos a indicar a tradicional funcionalidade de Santiago: relixiosa, sanitaria e universitaria, que se fai máis patente no antigo espacio intramuros ó vivir alí as xentes de maior estatus social, que é a que ocupa en boa medida os empregos deste tipo. Funcións que entran de cheo dentro desa categoría de servicios sociais. As outras categorías de empregos terciarios eran máis minoritarias, sobre todo as que se ofrecían ás empresas, feito non estraño porque non tiñan, sobre todo as de grandes dimensións, unha implantación excesivamente significativa no concello. É curioso resaltar a escasa importancia relativa que mostraban os servicios de distribución en Compostela e a súa área histórica, tradicionalmente moi marcada pola actividade comercial, aínda que cabe pensar que debía ter unha maior implantación porque moitos dos seus efectivos é seguro que están englobados no apartado de “varios”. Os servicios persoais tamén acadaban unha certa significación, máis do 16 % dos empregos pertencían a este tipo de actividades, sobre todo debido á magnitude correspondente ó servizo doméstico na cidade, e especialmente no Casco Histórico onde vivía a poboación máis acomodada, que reclama este tipo de servicios.

### c.2.- Os sectores de Actividade en 1991.

Para este ano, como xa indicamos ó comenzo deste apartado, tivemos que adecuarnos á clasificación que, xunto cos datos, nos ofreceu o I.G.E., aínda que nos parece que adoece de certas incorreccións. Esta clasificación recolle ós ocupados en base a sete categorías diferentes:

- A.-Profesionais, técnicos e similares (inclúe profesionais das forzas armadas).
- B.-Directivos e xerentes das Administracións Públicas e das empresas.
- C.-Persoal dos servicios administrativos nas empresas e na Administración Pública.
- D.-Comerciantes, vendedores e similares.
- E.-Persoal dos servicios de hostelería, persoais, de protección e seguridade. Domésticos e similares.
- F.-Persoal adicado á agricultura, gandeiría e pesca.
- G.-Traballadores da construción, industria, minería e transporte. Inclúe peóns e traballadores non especializados.

	A	B	C	D	E	F	G
<b>SANTIAGO</b>	25,55 %	1,97 %	14,81 %	12,46 %	15,67 %	3,73 %	25,81 %
<b>CASCO HISTÓRICO</b>	34,81 %	2,52 %	16,85 %	13,32 %	21,39 %	1,42 %	9,69 %

**Cadro 16.- Distribución sectorial da poboación activa en Santiago e o Casco Histórico en 1991.**  
**Fonte: Censo de 1991. Elaboración propia.**

Parécenos unha clasificación pouco axeitada, xa que fai unhas agrupacións de actividades un tanto discutibles, aínda que é a única que puidemos obter, e ó non aparecer cun maior grao de desglose tampouco tivemos ocasión de facer unha reagrupación das distintas actividades, polo que debemos servirmos dela. Así as cousas, no cadro 16 podemos ver a devandita clasificación tanto para o conxunto do concello como para o Casco Histórico.

En Santiago apreciamos como son os apartados A e G os que predominan sobre o resto (os profesionais, técnicos e similares, xunto cos traballadores na construción, industria e transporte). Nun segundo escalón sitúase o personal da Administración Pública e administrativos nas empresas; os comerciantes; e, os servizos persoais e de seguridade. Quedan nun lugar pouco representativo os adicados á agricultura e os directivos e xerentes das Administracións Públicas e das empresas (que son os postos máis altos no escalafón social). De novo observamos, como ocurría en 1965, que as funcións que caracterizan á cidade son as que destacan á hora de proporcionar emprego. Na actualidade a Cidade do Apóstolo distínguese por ser capital da Comunidade Autónoma de Galicia, e iso conleva que residan na urbe un grande número de funcionarios. A Universidade é outro dos polos funcionais da cidade. Non debemos esquecer tampouco a actividade sanitaria, ó albergar numerosos centros deste tipo, con área de influencia moi ampla (o Xeral de Galicia, o Provincial, o Gil Casares, o Psiquiátrico de Conxo, varios ambulatorios e diversos sanatorios privados). Ademais da función comercial, moi vencellada a Compostela. Todas estas actividades son basicamente as que xeran emprego nos apartados A, B, C e D. En conxunto, todas estas ramas de actividade supoñen un 55 % dos ocupados do concello compostelá.

No Casco Histórico, en cambio, son os apartados A e E os que destacan por enriba do resto e de xeito moito máis significativo que no conxunto compostelano, trátase por unha banda dos profesionais, técnicos e similares, e por outra o persoal de servizos de hostelería, persoais de protección e seguridade. Se nos fixamos nos catro sectores que definen os empregos que marcan a funcionalidade do concello vemos como no Casco Histórico un 67,5 % dos ocupados se adican a eles, superando amplamente a media do municipio. Tamén apreciamos como os postos máis altos do escalafón social recollidos no apartado B son moito máis significativos na Zona Vella compostelana, destacando tamén por enriba da media a ocupación na Administración Pública. Pola contra, as actividades relacionadas cos sectores primario e secundario (apartados F e G) mostran uns valores moi inferiores ós do conxunto municipal. Todo isto estanos a indicar que o Casco Histórico, pese a ser un espacio que

tende á despoboación e que se atopa altamente avellentado, aínda se nos mostra como un lugar atractivo para as clases economicamente máis acomodadas, adicadas a empregos que requiren elevada cualificación e un alto nivel de preparación. É indubidable que o encanto deste espazo emblemático da urbe é notable, e sería máis de solucionarse os problemas de abandono por deterioro dos inmobles, dificultades de rehabilitación e altos precios do solo que lle afectan.

### **2.3.- Conclusións.**

Unha vez que xa coñecemos a situación demográfica do Casco Histórico compostelano cómpre recapitular e mencionar, a xeito de resumen, as características esenciais da súa poboación.

Topámonos diante dun espazo que coñeceu durante os últimos trinta anos un notable decrecemento do número de habitantes, tanto en valores absolutos como relativos con respecto ó conxunto da cidade. O movemento natural móstrase claramente negativo como consecuencia, por un lado, dunha natalidade e fecundidade moi baixas, cunha concentración da maternidade no período comprendido entre os 30 e 39 anos e unha taxa de reemprazo xeracional (0,6 fillos por muller) moi lonxe da óptima. Por outro lado, a mortalidade tamén descendeu no período de estudio, pero na actualidade existe unha tendencia ó seu incremento, debido ó forte avellentamento que presentan os habitantes da zona noble compostelana. Ante este crecemento vexetativo negativo a tendencia é cara á despoboación, xa que non se compensa con aportes inmigratorios.

Na Zona Vella de Santiago topámonos cun elevado grao de feminidade debido ó avellentamento, á emigración maioritariamente masculina que aconteceu ata mediados dos anos 1970 e ós aportes inmigratorios femininos polas maiores oportunidades que as mulleres atopaban na urbe. Ademais, unha gran porcentaxe da súa poboación é anciana, cunha tendencia clara ó aumento, de xeito que este extremado avellentamento semella irreversible.

Polo que respecta á estrutura socioprofesional dos moradores do antigo espazo intramuros cómpre dicir que a poboación activa non deixou de medrar nas últimas tres décadas como consecuencia da incorporación da muller ó mercado laboral, pero esta situación parece que vai cambiar de sino, xa que en breve a crecente porcentaxe de poboación anciana dependente fará descender a taxa de actividade. O emprego entre os

residentes no Casco Histórico está vinculado a actividades terciarias, especialmente as relacionadas cos servicios sociais, que definen a tradicional funcionalidade compostelá: sanitaria, universitaria, administrativa, relixiosa e comercial.



### 3. A EDIFICACIÓN. TIPOS DE VIVENDAS SEGUNDO O ESTILO.

Durante estes últimos anos o interese polos centros históricos ou cascos antigos incrementouse a nivel xeral. Ata hai pouco tempo a investigación xeográfica urbana concentrábase no crecemento e estudio dos sectores máis recentes da cidade, nas novas tendencias e novos conceptos urbanísticos. Hoxe en día comézase a reflexionar sobre o papel que xoga a historia dentro da configuración das nosas cidades, aclarando que estas non son uns núcleos inmóbiles e illados, senón que están en continuo proceso de cambio.

O espacio e peso demográfico dun casco antigo respecto ó conxunto da poboación tende a ser relativamente pequeno; tan só nalgunhas vilas históricas como Allariz, Ribadavia ou Muros este segue a se-lo sector de maior dimensión. Santiago non é unha excepción, o seu centro histórico é pouco importante respecto da súa poboación total e en canto á súa extensión pero, sen embargo, define a imaxe de todo o conxunto urbano. O peso relativo deste pequeno da urbe é maior do que pode indicar unha análise cuantitativa de variables como a súa poboación, extensión ou actividade económica. Poderíamos dicir que a súa importancia cualitativa afecta ó resto da cidade ó se-lo punto de referencia básico da actividade turística e o auténtico referente que a identifica, máis alá da declaración oficial como unha capital para Galicia, como centro espiritual e cultural internacional.

Estes espacios históricos son coñecidos pola súa riqueza arquitectónica, que teoricamente os define como tales. Pero é moi usual que se asocien tan só cos edificios máis destacados: catedral, mosteiros ou pazos, esquecendo que estes grandes monumentos están englobados nun conxunto máis amplo, no cal as vivendas, tan pouco estudadas ata o de agora, teñen unha importancia infravalorada.

Ó falar dunha cidade histórica téndese a pensar que todo é sumamente antigo, o cal non se achega á realidade. A maior parte das casas do casco monumental de Compostela foron construídas entre os séculos XIX e a primeira metade do XX. Os edificios anteriores soen ser poucos, aínda que no caso concreto de Santiago chama a atención o importante número de casas barrocas, resultando bastante excepcional dado que na maior parte destes cascos a porcentaxe de edificios anteriores ó século XIX é considerablemente menor.

De tódolos xeitos a relevancia dunha cidade histórica non é proporcional á antigüidade do seu caserío nin dos seus edificios nobres, pois inflúe máis a compacta conservación do conxunto urbano e a permanencia dunha estrutura en planta herdeira do

pasado. Este último tamén é o caso de Compostela, onde perdura a estrutura medieval no plano, aínda que o número de casas medievais apenas supera as trinta.

Para poder realizar un estudio o suficientemente serio deste aspecto baseámonos en dous elementos: o plano da cidade e un traballo de investigación consistente no recoñecemento pormenorizado de tódalas casas do espacio intramuros centrado no seu aspecto estilístico. Desta análise propoñemos as seguintes tipoloxías.

### 3.1. As casas medievais.



Casas números 29 e 31 da rúa Nova, coa igrexa románico-barroca de S<sup>a</sup> M<sup>a</sup> de Salomé ó fondo. (Tipoloxía A).

Nun tempo a cidade estaba definida polo caserío medieval, dado que xa na época de Xelmírez o espacio intramuros amosaba unha alta densidade de edificación. De tódolos xeitos son hoxe poucas as casas con estrutura e aparencia medieval aínda que a impronta deses séculos segue a ser evidente no plano. Actualmente consérvanse 34 casas deste período, algunhas delas pouco reformadas, outras con modificacións importantes, sobre todo renacentistas.

Son varias as tipoloxías de casas medievais na cidade, permitíndonos destacar fundamentalmente catro:

**Tipoloxía A:** Casas de planta baixa e primeiro, con soportais arquitrabados por columnas e/ou piares simples, normalmente delgados e de pedra; os materiais de construción son a madeira e a argamasa.

Algúns exemplos podémolos ver nos números 29 e 31 da rúa Nova, ou nos 61 e 63 da rúa do Vilar. Nas rúas menos importantes estas casas non presentan soportais senon tan só un muro liso que unifica ambos pisos, como ocorre no número 13 da rúa da Troia ou nos 79, 82 e 84 da do Vilar.

**Tipoloxía B:** *Casas con voadizos.* Os materiais de construción son os mesmos que nas casas de tipoloxía A. As diferencias fundamentais respecto destas son tres:



1.- non teñen soportais , cando menos os exemplos que chegaron ata a actualidade.

2.- Posúen máis alturas, o normal e baixo e dous andares.

3.- a solución empregada para conseguir esas alturas é conquistar espazo á rúa coa a utilización de voadizos; cada piso en altura gaña uns cantos centímetros avanzando sobre a rúa.

**Casa nº29 da Algalia de Abaixo.**  
(Tipoloxía B).

Perduran moi poucas casas con voadizos, tan só tres, debido en grande medida á súa sistemática destrución por consideralos insalubres ó non permitir unha correcta iluminación e aireación das rúas.

Os exemplos mellor conservados son o nº 29 da Algalia de Abaixo e o nº 9 da rúa da Troia; o nº 2 da rúa do Castro, aínda que sigue o modelo, foi moi reformado e incluso as características viguiñas de madeira a modo de canzorros foron substituídas por outras de cemento meramente decorativas.

**Tipoloxía C:** *Casas asoportadas de pedra.* En ocasións con arcos apuntados e interesantes escudos, son construcións de carácter extraordinario destinadas á residencia na cidade de familias nobiliarias. Ó longo dos anos foron moi reformadas conservándose en


ocasións unicamente os soportais (como ocorre no nº 65 da rúa do Vilar), aínda que outras perduran menos transformadas (nº 66 da rúa do Vilar).

*Tipoloxía D: Casas pazegas.* Seguen parcialmente o tipo C pero trátase de edificios máis grandes, normalmente sen soportais, e onde os elementos decorativos son mellores e máis abundantes. Os arcos de portas e ventás están virtuosamente traballados; os escudos e os balcóns son elementos que as distinguen.

Ó tratárense de edificios destacados sufriron remodelacións moi importantes, sobre todo no Renacemento e o Barroco.



**Casa Gótica, nº 27 da Algalia de Arriba. (Tipoloxía D).**



**Casa nº 12 da rúa das Casas Reais. (Tipoloxía D).**

### 3.2. As casas renacentistas.

O Renacemento tivo problemas para introducirse en Galicia; pese a todo a súa presenza nas grandes construcións é importante, pero isto non sucede co caserío. De feito algunhas das casas analizadas como medievais, dado que a súa tipoloxía coincide plenamente coas dese período, cronoloxicamente pertencerían ó Renacemento. Isto demostra que a tradición medieval é a que predomina en Compostela mesmo durante o inicio da Idade Moderna.



**Pazo dos Armada, nº 18 da rúa do Vilar.**

Só algúns edificios de carácter pazego se sairán desa tónica medievalizante, amosando rasgos asombrosamente clasicistas propios dos grandes mestres italianos. Algunhas das características externas que os definen son a presenza de grandes escudos, capiteis exquisitamente decorados que coroa esbeltas columnas e bustos preciosistas dentro de medallóns.



**Casa nº 3 de Tras Salomé.**

A casa nº 18 da rúa do Vilar, chamada casa dos Armada, serviu de modelo a outras como a nº 46 da mesma rúa. Outro exemplo interesante é a casa nº 3 de Tras Salomé, que viu como se tapiaban os seus soportais en datas relativamente próximas á súa construción.

### 3.3. As casas barrocas.

Para entende-la morfoloxía da cidade histórica de Santiago de Compostela temos que fixarnos na importancia que atinxe o Barroco. Das 995 casas da cidade intramuros, 190 son barrocas, un 19'1% do total. As edificacións barrocas chegan a ser maioritarias en rúas como a Nova, contándose 28 sobre 54. Distinguiremos agora os catro tipos máis importantes.

#### *Tipoloxía A: Casas asoportaladas.*

Son numerosas nas rúas máis importantes e fundamentais dentro da imaxe da cidade histórica. Moitos destes edificios que consideramos barrocos sufriron importantes modificacións sobre todo durante o século XIX e principios do XX.

Casas nº 62 e 64 da rúa do Vilar.  
(Tipoloxía A).



Podemos amosar como exemplo os números 62 e 64 da rúa do Vilar. O nº 64 segue o modelo barroco habitual nas rúas principais: baixo asoportalado e tres andares, o último cunha balconada corrida; nembargante no nº 62 o balcón do último andar foi substituído no século XIX por unha galería máis propia do gusto da época. Estas modificacións son moi habituais neste tipo de edificios.





Casa das Pomas, rúa Nova nº 12. A decoración con froitas repítese en varios edificios como na coñecida casa da Parra. (Tipoloxía C).

*Tipoloxía B: Casas barrocas menores.* Cando a rúa é máis estreita e ten menos importancia as casas perden os seus soportais e, ás veces, incluso o balcón, amosando un aspecto sumamente simple, destacando únicamente algunhas molduras moi elementais.

*Tipoloxía C: As casonas.* Destacan pola súa rica decoración (nos dous tipos anteriores a súa presenza, tan asociada tradicionalmente ó Barroco, é pequena ou incluso inexistente), como ocorre na casa número 12 da rúa Nova, tamén chamada Casa das Pomas.

Noutros casos, como no número 1 da rúa do Preguntoiro, sobresaen pola súa antiga función; neste exemplo o edificio foi Casa do Concello ata que este pasou ó neoclásico pazo de Raxoi.



Casa nº 1 da rúa do Preguntoiro. Antiga Casa do Concello. Este edificio destaca polos seus balcóns sustentados por ménsulas de gusto clásico.



Nº 14 das Casas Reais, modelo de pazo urbano (tipoloxía D); é frecuente que estes creen praciñas ou ensanchamentos das rúas en torno a eles ou á súa entrada principal.

*Tipoloxía D: O pazo urbano.* É maior que a casona e soe contar cos seguintes elementos estruturais:

- 1/ un espacio asoportalado.
- 2/ unha porta monumental.
- 3/ grandes balconadas.
- 4/ grandes escudos.
- 5/ impresionantes escaleiras interiores.

6/ colosais chemineas.

7/ en moitas ocasións contan cun xardín e/ou terraza.

**Casa nº 57 da rúa Nova.  
(Tipoloxía D).**





Algúns destes pazos son moi coñecidos, podéndose considerar como auténticos símbolos da cidade como o pazo de Bendaña, a Casa do Deán ou a Casa da Parra; noutras ocasións son edificacións menos singularizadas, como os números 36, 44, 30 ou 57 da rúa Nova, o nº 2 do Cantón do Toural, ou o 14 de Casas Reais.

### **3.4. O caseirío na Idade Contemporánea.**

A partir da segunda metade do século XVIII e, sobre todo, no século XIX e principios do XX, a cidade intramuros vai experimentar continuas transformacións. Os equipamentos das vivendas preexistentes quedarán obsoletos dada-las novas necesidades sociais; así realizaranse moitas modificacións e ampliacións nas casas "vellas", cando non son derrubadas e substituídas por outras de nova planta.

Os grandes edificios xa non serán pazos, igrexas e conventos, posto que a demanda se tranforma ó acceder ó poder unhas clases con intereses distintos ós da nobreza, laica ou eclesiástica. As obras máis importantes relaciónanse con servizos diversos, dende teatros a vivendas para varias familias pasando por unha Praza de Abastos, que actúan modificando en moitas ocasións o plano medieval debido ó seu tamaño.

Esta febril actividade renovadora á que aludimos constátase o apreciar que das 995 casas do recinto murado 310 pertencen a este período, un 31'5% do total. Estamos diante de edificios de estilos variados, aparecendo diversas tipoloxías entre as que destacaremos aquelas que consideramos como as cinco máis características:



**Casa nº 14 da praza de Cervantes. (Tipoloxía A).**



Casa nº 4 da rúa do Franco. (Tipoloxía B).

**Tipoloxía A:** *Construcións clasicistas.* Son pouco abundantes ó tenderse facilmente cara o eclecticismo. As máis destacadas, como o Teatro Principal ou o pazo de Amarante, non son edificios de vivendas, aínda que existen algúns exemplos como o nº 14 da praza de Cervantes.

**Tipoloxía B:** *Construcións neogóticas.* Tampouco son moi abundantes. Outros neos, como o neobarroco ou o neorrománico, teñen máis

aceptación, pero incorporando sempre elementos doutros estilos, o que nos leva a englobalos dentro do eclecticismo.

Quizais un dos edificios neogóticos máis sobresaíntes sexa o número 4 da rúa do Franco, sé de Telefónica e Correos, que conserva a porta do antigo pazo gótico precedente.

**Tipoloxía C:** *Construcións eclécticas.* Son moi numerosas e variadas, destacando fundamentalmente os motivos decorativos clasicistas, medievais e barrocos, sen esquecer as novas tendencias modernistas.



Casa nº7 da rúa do Vilar. (Tipoloxía C).

En moitas rúas estes edificios substituíron ou modificaron as antigas casas asoportaladas, pero ás veces a tradición chegou a impoñer uns soportais impropios da modernidade deses anos. As construcións van dende grandes pazos, como os números 31 e 36 da rúa do Preguntoiro ou o número 17 da rúa das Orfas, a casas de non moi grandes dimensións repartidas por toda a cidade, ou importantes obras públicas como a facultade de Medicina.

*Tipoloxía D: Construcións modernistas.* Santiago non dispón nestes anos dunha burguesía tan activa como a doutras cidades galegas, polo que os edificios modernistas aparecen de xeito puntual en lugares diversos e distantes. De todas formas son bastantes as casas con rasgos modernistas pese a que, segundo moitos autores, se trata en realidade de construcións eclécticas con variados elementos decorativos modernistas.

Un aspecto que resulta chamativo é a evidente influencia da Sezession austríaca, como explica C. Almuíña na súa obra "R. González Villar y su época".



A esquerda o nº 6 da rúa do Preguntoiro e á dereita o nº 1 da rúa das Orfas (casa Gamayo), xunto á igrexa do mesmo nome. (Tipoloxía D).

*Tipoloxía E: O caserío menor.* Son moitas as casas da cidade histórica que non responden a rasgos dun determinado período artístico, ó se tratar de construcións autóctonas e anónimas de carácter popular. Estamos diante de pequenas vivendas, ás veces de varios

andares e tamaño máis grande, que amosan fachadas simples, en ocasións acompañadas da tradicional galería.

Estas edificacións non responden a unha cronoloxía concreta, moitas delas foron concebidas no século XIX e primeira metade do XX, pero outras son anteriores, incluso dos séculos XVII e XVIII.

Tamén atopamos algúns edificios da segunda metade do século XX ubicados en lugares bastante pouco transitados e, en ocasións, con rasgos propios dun barrio moderno. Destacan os números 4 da ruela de Xerusalén, e os 18, 20 e 22 da rúa de Santa Cristina pola súa especial disonancia có entorno.

### 3.5. A coexistencia entre estilos.

Ata o momento levamos visto a grande cantidade de estilos que atopamos no espacio intramuros da cidade; esta abundancia xustifica solucións que tentan crear harmonía entre as variadas construcións ou, noutras ocasións, poñen en evidencia brutais contrastes.



Un exemplo do primeiro caso atopámolo na casa nº 2 da rúa do Vilar. Trátase dun edificio contiguo á barroca casa do Cabido, da que vemos a súa esquina ó fondo; a vivenda ecléctica utiliza o sistema decorativo do edificio barroco, empregando como aguante o mesmo tipo de piastras e inestables cilindros, entre os cales crea un arco que sostén unha decimonónica galería. Este é un exemplo de como utilizar unha arquitectura preexistente como base dunha posterior procurando un todo harmónico.

**Casa nº 2 da rúa do Vilar,  
contigua á do Cabido.**


Non sucede o mesmo coas casas nº 2 da rúa do Preguntoiro e números 6 e 7 da praza de Cervantes. A diferenza de altura entre os tres edificios é máis que considerable, dado que o nº 6 é unha construción menor cun probable orixe no século XVIII, mentras que os 2 e 7 son casas decimonónicas posteriores; así pasamos dos dous andares da casa nº 6, ós tres máis altos da nº 2 e ós catro na nº 7, que chegaron a cinco coa recente ampliación dun último retranqueado.



**Casas número 2 da rúa do Preguntoiro e números 6 e 7 da praza de Cervantes.**

De tódolos xeitos a coexistencia entre estilos é algo que define á cidade, constituindo un destacado exemplo entre os núcleos de Europa que contan cun bo e compacto conxunto monumental. Sabedores disto elaborouse un Plan Especial para o Casco Histórico que permite a recuperación de fachadas, pintado dos elementos de carpintería tradicional, reparación e renovación de cubertas e canalóns, ó mesmo tempo que, mediante unha intervención en espazos públicos, se pretende manter e repara-lo mobiliario urbano, crear novos equipamentos e amañar o enlousado tradicional existente na rede viaria en proceso de total peonalización.

Con estas actuacións téntase que o casco histórico resulte máis cómodo e agradable co obxectivo de aumenta-lo número de residentes e frea-la presión dun mercado inmobiliario que comprímia á cidade histórica ante a carencia dunha expansión no exterior do casco. O obxectivo último é recupera-la base económica da cidade e preserva-la súa imaxe física e estrutura arquitectónica, controlando así un proceso de destrución constante no pasado.



Na actualidade o estado de conservación da maior parte das fachadas nas casas do espacio antigamente murado é aceptable, debido en grande medida á intervención do Consorcio incluso antes de aprobarse o Plan Especial para o Casco Histórico.



#### 4. A ACTIVIDADE ECONÓMICA. EMPREGO DOS BAIXOS COMERCIAIS.

Cando falamos dun casco histórico con frecuencia asociámolo a unha área degradada, na cal apenas hai locais comerciais, dado que a súa actividade se limita á dun barrio marxinal. Este non é o caso de Santiago xa que o espacio intramuros da cidade está vivo e mesmo un gran sector del forma parte do centro comercial da cidade. Deste modo a metade sur do casco, que como xa vimos é a parte máis poboada, ten un alto índice de ocupación comercial dos baixos, que en certos casos, como no destacado eixo comercial formado polas rúas do Preguntoiro e da Caldereiría, aproxímase moito ó 100%.

En contraste co dito ata agora, podemos observa-la falla de ocupación en dúas áreas: no occidente monumental e eclesiástico, debido á imposible utilización destes espacios cun fin comercial; e no sector nororiental, no cal, agás nos eixos das rúas das Algalias, Ánimas e Casas Reais, os negocios se limitan a algúns bares e tendas de alimentación, locais máis propios dos barrios populares.

Incluso nos últimos casos nomeados non podemos falar dun abandono ou deterioro, senón doutra ocupación dos baixos, no primeiro lugar por oficinas, museos, igrexas, etc. e no segundo polo uso como vivenda destas partes das casas situadas a rentes da rúa.

Ó facer unha análise dos distintos tipos de negocios observamos grandes diferencias na súa distribución espacial, coexistindo a tendencia á concentración e dispersión dunha mesma actividade segundo o sector do casco. A importancia dos turistas e dos estudantes na ubicación e expansión de certos negocios é moi importante.

Por exemplo, os locais relacionados coa venda de obxectos de regalo tenden a concentrarse en torno á catedral. Podemos destaca-la rúa de San Francisco, acceso principal dos turistas guiados á cidade, na cal sete dos seus dezaioito establecementos comerciais son tendas de recordos ou souvenirs. Este mesmo tipo de especialización atoparémolo nas rúas do Franco, Fonseca, do Vilar, da Acibechería e na rúa Nova; mesmo a catedral conta cun par de tendas destas mesmas características. Polo xeral as tendas de obxectos de regalo máis alonxadas do centro turístico ofrecen outro tipo de produtos máis orientados cara a clientela local, como a bisutería.

Quizais o proceso de concentración da hostelería é máis intenso. Destaca a gran presenza destes negocios no suroeste do casco; trátase das rúas do Franco e da Raíña, que configuran o máis típico espacio de tascas e restaurantes. Na primeira das rúas citadas, dos



seus 55 locais comerciais 34 son cafeterías, bares ou restaurantes; na segunda de 25 sono 20, un 80 % do total dos negocios. Incluso en pequenas ruelas deste sector, como A Travesa do Franco, esa porcentaxe aumenta, 10 dos seus 11 baixos comerciais son bares ou restaurantes. Outro exemplo é o da rúa de San Francisco, onde nestes últimos anos se foron abrindo ou reformando varios bares e restaurantes para atender a grande cantidade de turistas que acceden ó casco histórico por este lugar, fenómeno potenciado coa consolidación desta rúa como entrada do turismo organizado en autobús dende a avenida de Xoan XXIII.

Estes exemplos non son un feito illado; os 203 locais relacionados coa hostelería que hai repartidos pola cidade intramuros distribúense por toda ela, indo dende restaurantes de luxo a pequenos bares, pasando polos pubs que, coa súa particular tipoloxía, son un dos atractivos da vida nocturna do conxunto da cidade e que están a coller fama fóra dela.

A influencia do turismo tanto nas tendas de obxectos de regalo como na hostelería é básica, pero non o é menos para as tendas de fotografía. Estas ocupan en menor número a mesma área próxima á catedral, sobre todo nas rúas Nova, do Vilar e da Acibecheira. Ata hai pouco tempo todos eran negocios de fotógrafos locais, pero na actualidade están a desaparecer dado que as grandes cadeas instálanse para aproveitar a necesidade do turista de immortalizar a súa visita á cidade.

Existen outros negocios que, sen gardar ningunha relación aparente co turismo, tenden á concentración. Moitos deles localízanse no eixo das rúas das Orfas-Caldereira-Preguntoiro-Algalia de Arriba, gran arteria comercial da cidade vella con locais bastante variados. Tanto o sector téxtil como o do coiro e calzado teñen unha presenza moi importante nestas rúas. Das 123 tendas relacionadas co sector téxtil en todo o casco histórico, xa sexan roupa deportiva, confección ou lencería, 63 sitúanse neste eixo. O número de zapaterías é lóxicamente menor, pero a súa presenza porcentual é moi importante xa que das 29 tendas de coiro e calzado do casco 18 están emprazadas nesta arteria.

Nas rúas máis comerciais é onde tamén se conservan outros locais como reloxerías e xoierías ou panaderías e pastelerías. As reloxerías e xoierías teñen unha maior presenza na rúa do Vilar e nas prazas de Praterías e da Acibecheira, seguindo a herdanza da ubicación dos gremios medievais de prateiros e acibecheiros. As panaderías e pastelerías, aínda sen estar concentradas, presentan un maior protagonismo no sector sur do casco e na Algalia de Arriba, neste último caso pola súa proximidade a un importante centro escolar que xera unha




gran demanda adicional. Na actualidade continúa a apreciarse un aumento deste tipo de locais en toda a cidade.

Tan só hai un supermercado propiamente dito en todo o casco histórico, o resto dos locais do sector da alimentación son negocios de carácter xeralmente familiar, de pequenas dimensións e dispersos por todo o espacio estudiado, e que deberán mostrar unha orientación cara os produtos de calidade para poder manterse nos próximos tempos. Non debemos esquecer a Praza de Abastos; relacionada directamente có sector da alimentación, se ben na actualidade inclúe unha grande variedade de establecementos, levándonos a identificala cada vez máis como un centro comercial no sentido máis amplo da verba.

Outras tendas como as librerías, papelerías, quioscos e bazares atópanse en calquera punto da cidade, sen aparentes fenómenos de concentración, destacando a presenza de bazares en torno á Praza de Abastos, e de librerías no sector sur.


Certos establecementos de carácter estratéxico como os bancos, as caixas de aforros ou as farmacias, distribúense con certa uniformidade neste espacio. O mesmo acontece con outros negocios como ópticas, floristerías, perfumerías, dietética, etc. Cabe destacar unicamente a presenza de locutorios e postos de troco de moeda no sur máis activo e, sobre todo, no entorno da catedral para atende-la demanda dos turistas (e en parte tamén dos estudantes).



Existe unha clara relación entre as rúas máis comerciais, con casas mellor conservadas, e as menos activas, nun estado de conservación peor. Así as rúas Nova, do Vilar, do Preguntoiro ou da Caldereiría a penas teñen edificios con problemas, que sí se

multiplican no norte do casco. De tódolos xeitos, en certas ocasións o comercio do baixo non pasa de manter en pé dito andar da edificación, dado que o resto do edificio pode ofrecer un estado penoso por abandono ou falla de medios económicos dos donos.

Chegados a este punto resulta evidente que a actividade terciaria é practicamente a única que subsiste no casco histórico. O sector industrial non é máis que unha lembranza da primeira metade de século, coas fábricas de paraugas, do sector téxtil e de "coloniais", que hoxe teñen outra ocupación; mentres a actividade agrícola, aínda que presente, non pasa de ser unha ocupación a tempo parcial, para autoconsumo e cun fin básico de entretemento.



A actividade terciaria posúe unha orixe remota relacionada co mercado da cidade. Hoxe en día sobrevive o Mercado tradicional ou Praza de Abastos, en torno o cal medrou o pequeno comercio. Actualmente non é un centro tan importante en comparación co peso dos servizos ofrecidos ós estudantes e ós turistas, que polo seu número e a súa capacidade potencial de gasto, se transformaron no factor que define a actividade económica da cidade no seu conxunto, e da cidade vella en particular.

#### **4.1. Conclusión.**

O presente traballo permítenos chegar á conclusión de que a actividade económica é un dos factores que contribúen a mante-lo dinamismo da cidade monumental compostelana. As grandes empresas non están asentadas nun espazo onde tradicionalmente predomina a

actividade de pequenos e medianos comerciantes locais, sabedores dos beneficios da súa localización, e tamén das trabas e dificultades que conleva.

O casco histórico semella que non pode competir co ensanche ou con centros comerciais como Área Central ou o Compostela debido a certos aspectos como:

1. A accesibilidade (os coches non poden chegar ata a porta dos negocios coma noutros lugares).
2. Falla dun servicio de reparto ou de prazas de aparcamento axeitadas.
3. Escasa unificación nas actuacións publicitarias e de mercadotecnia.
4. A dificultade para a modernización da oferta e dos locais sen perder a súa especial personalidade.

O tradicional *minifundismo comercial* dificultou ata o de agora unha actuación unificada dun casco histórico que ten grandes vantaxes:

1. Este espacio é o máis coñecido e visitado polos foráneos, e o máis apreciado polos locais.
2. Ofrece unha calidade ambiental única e moi explotable.

A posible presentación da cidade vella como un conxunto de rúas comerciais con oferta variada, na que se mesturen os locais máis curiosos e históricos cos innovadores, debería pasar pola especialización. Unha óptima oferta e un esmerado trato persoal, que permita un achegamento do comprador e unha identificación espacio-calidade, tendería a fundir a imaxe artística deste barrio coa súa actividade comercial e podería darlle un novo pulo evitando á tendencia a *museización*.

A actividade económica vai unida á realidade demográfica, como tamén o está á habitabilidade das casas. Chegados a este punto debemos lembrar a gran variedade de estilos arquitectónicos existentes no casco, perdurando casas medievais, renacentistas, barrocas, eclécticas e modernistas. Quizais o máis chamativo é a pouca presenza de arquitecturas descontextualizadas e o gran número de casas barrocas dos séculos XVII e XVIII. De tódolos xeitos, o maior número de edificios datan do século XIX e da primeira metade do XX. As diferentes tipoloxías estilísticas marcan a diferenciación do casco histórico-artístico do resto da cidade pero, ás veces, tamén indican un maior deterioro e abandono. Aínda que resulten máis chamativos os grandes pazos, a maior parte das casas teñen as seguintes características:

1. Son estreitas e alongadas, herdeiras do trazado medieval de Compostela. Este parcelario urbano é parte do patrimonio da cidade e, aínda que invisible, tamén está protexido.

2. A estreita fachada e lonxitude interna das parcelas fai que moitas veces a maior parte das habitacións sexan interiores.

3. A disposición das parcelas obriga a unha estrutura interna das vivendas con cuartos de paso que mesmo en ocasións poden substituí-la existencia do corredor, dificultando a intimidade, a súa aireación e o seu emprego como vivendas adecuadas ó estilo de vida actual.

Ademais dos diversos problemas que pode ocasionar a estrutura dalgunhas casas, perduran alugueres vellos (aínda coa recente reforma legal). Pódense atopar pisos e ata casas completas alugadas por precios moi inferiores ós do mercado que mesmo chegan a ser en ocasións tarifas irrisorias que contrastan coa especulación en edificios veciños. En ámbolos dous casos prexudícase a vitalidade do casco, xa que os alugueiros nuns casos dificultan a entrada de familias novas polo elevado custo, mentres que noutros a baixa renda cobrada non permite ós arrendadores invertir no mantemento das construcións nin, moito menos, consideralas un negocio.

O exemplo da especulación resulta aínda máis esaxerado nos baixos comerciais onde o contraste dos alugueiros é esaxerado. Os elevados prezos unidos á estacionalidade en moitos dos negocios aquí asentados (debido á concentración estival e incluso nos anos santos na actividade turística) explica que se manteñan pechados moito tempo ou que os negocios non duren abertos pola dificultade da amortización da elevada renda. Este conservadurismo rendista causa uns beneficios personais puntuais pero non axuda ó barrio en xeral, pois eses cartos non se soen reinvertir no mesmo espacio.

Ás veces a publicidade turística céntrase demasiado nun único edificio, a catedral, de xeito que tras vela o turista considera rematada a súa visita, sen deterse no resto do conxunto histórico, non podendo valorar o interese do mesmo como un espacio para as compras e o lecer, para o cal lle cumprirían varios días de visita.

As mencionadas poden ser algunhas opcións para manter activo o casco histórico de Compostela, sempre tendo en conta a súa singularidade e que se trata dun barrio que necesita unha *renovación demográfica* tanto como a arquitectónica que se está a realizar.

## **Bibliografía:**

- ARMAS DIÉGUEZ, P.: *Análise xeográfica das actividades terciarias compostelás*. Santiago, 1989.
- BONET CORREA, A.: *La estructura urbana de Santiago de Compostela*. En, Revista científica ICONOS, nº 2 (1993). Pág. 65-85.
- CAMPILLO RUIZ, A.; MÉNDEZ MARTÍNEZ, G. e SOUTO GONZÁLEZ, X.M.: *A Poboación e a Acción Xeodemográfica*. En, Xeografía de Galicia, dirixida por A. Pérez Alberti, tomo IV. Ede. Gran Enciclopedia Gallega. Santiago, 1993.
- COMPOSTELA, CAMIÑO DO 99. Revista de información municipal. Artículos diversos nos números 1, 2 e 3.
- COSTA BUJÁN, P. e MORENAS AYDILLO, J.: *Santiago de Compostela 1850-1950*. COAG, 1989.
- DALDA ESCUDERO, J. L.: *A cidade histórica de Santiago de Compostela entre a tutela e a ordenación urbanística*. En, A Nosa Terra de pensamento e cultura, nº 5 (marzo 1990). Págs. 18-20.
- DALDA ESCUDERO, J. L.: *El Plan Especial y las intervenciones arquitectónicas en la ciudad histórica de Santiago de Compostela*. En, Ruptura, nº 2. Pags. 19-28.
- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, P. A.: *Santiago de Compostela*. En, el renacimiento de la ciudad contemporánea: estrategias y procesos de recualificación urbana. Organización, Instituto Galego da Vivenda e Solo, Secretariado Español European. Santiago de Compostela: Instituto Galego da Vivenda e Solo. Madrid, Secretariado Español EUROSPAN, 1995.
- FERRAS SEXTO, C. E. e LOIS GONZÁLEZ, R. C.: *Estructura urbana de las áreas metropolitanas gallegas. La estructura urbana de Santiago. ¿Un área metropolitana en proceso de formación?*. En, papeles de Geografía, nº 19. Universidad de Murcia, 1993. Págs. 401-421.
- KLEIHUES, J. P.: *Memoria del Plan Especial*. En, Ruptura, nº 2.
- LOIS GONZÁLEZ, R. C.: *A Universidade (1960-1962)*. Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 1994.
- MARTÍ ARÍS, C. (coordinador): *Santiago de Compostela, la ciudad histórica como presente*. Consorcio de Santiago. Barcelona, ediciones del Serbal. 1995.

- MORENO JIMÉNEZ, A. e ESCOLANO UTRILLA, S.: *Los servicios y el territorio*. Ed. Síntesis. Madrid, 1992.
- PÉREZ FARIÑA, M<sup>a</sup>. L.: *La ciudad de Pontevedra. Evolución histórica y demográfica*. Universidade de Santiago de Compostela, 1985.
- PÉREZ FARIÑA, M<sup>a</sup>. L.: *La evolución demográfica del Casco Viejo de Santiago en el siglo XX*. En, Actas do Simposio Internacional Otero Pedrayo e a Xeografía de Galicia. Santiago de Compostela, 1989. Pp. 193-211.
- PRESSAT, R.: *Introducción a la Demografía*. Ed. Ariel. Barcelona, 1989.
- PUYOL ANTOLÍN, R.: *Población y espacio. Problemas demográficos mundiales*. Ed. Cíncel. Madrid, 1987.
- PUYOL ANTOLÍN, R.: *La población*. Ed. Síntesis. Madrid, 1988.
- PUYOL, R.; ESTÉBANEZ, J. e MÉNDEZ, R.: *Geografía Humana*. Ed. Cátedra. Madrid, 1988.
- TROITIÑO VINUESA, M. A.: *Cascos antiguos y centros históricos: problemas, políticas y dinámicas urbanas*. Madrid, MOPT, Centro de publicaciones, 1992.
- VEYRET-VERNER, G.: *Population. Movements, structures, répartition*. París, 1959.
- VINUESA, J.; ZAMORA, F.; GÈNOVA, R.; SERRANO, P. e RECAÑO, J.: *Demografía. Análisis y proyecciones*. Ed. Síntesis. Madrid, 1994.
- VINUESA, J.; OLIVERA, A.; ABELLÁN, A. e MORENO, A.: *El estudio de la población*. Instituto Nacional de la Administración Pública. Madrid, 1988.
- ZELINSKY, W.: *Introducción a la Geografía de la Población*. Ed. Vicens Vives. Barcelona, 1977.

## **NORMAS PARA A REMISIÓN DE ORIXINAIS:**

Deberán ser remitidos tres exemplares do traballo e unha copia en diskette ao Director do IDEGA: Avda. das ciencias s/nº. Campus Universitario Sur. 15706 Santiago de Compostela, cumprindo coas seguintes normas:

1. A primeira páxina deberá incluír o título, o/s nome/s, enderezo/s, teléfono/s e institución/s ás que pertencen o/s autor/es, un índice, 5 palabras chave ou descriptors, así como dous resumos dun máximo de 200-250 palabras: un na lingua na que estea escrita o traballo e outro en inglés.
2. O texto estará en interlineado dobre con marxes mínimas de tres centímetros, e cunha extensión máxima de cincuenta folios incluídas as notas e a bibliografía.
3. A bibliografía se presentará alfabeticamente ao final do texto seguindo o modelo: Apelidos e iniciais do autor en maiúsculas, ano de publicación entre paréntese e distinguindo a, b, c, en caso de máis dunha obra do mesmo autor no mesmo ano. Título en cursiva. Os títulos de artigo irán entre aspas e os nomes das revistas en cursiva. lugar de publicación e editorial (en caso de libro), e, en caso de revista, volume e nº de revista seguido das páxinas inicial e final unidas por un guión.
4. As referencias bibliográficas no texto e nas notas ao pé seguirán os modelos habituais nas diferentes especialidades científicas.
5. O soporte informático empregado deberá ser Word ou WordPerfect para Windows 6.0 ou versión posterior, Excell ou Acces.
6. A dirección do IDEGA acusará recibo dos orixinais e resolverá sobre a súa publicación nun prazo prudencial. Terán preferencia os traballos presentados ás Sesións Científicas do Instituto.

O IDEGA someterá tódolos traballos recibidos a avaliación. Serán criterios de selección o nivel científico e a contribución dos mesmos á análise da realidade socio-económica galega.

